

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 13 de xaneiro de 2026
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta minutos do día 13 de febreiro do ano dous mil vinte e seis, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime, Luisa Sánchez Méndez, Roberto José Álvarez Carrero, Juan Pablo Castillo Amigo, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente a Viceinterventora, *Susana Escaloni Varela*.

Así mesmo, están presentes as deputadas *Paula Bouzós Barros e Belén Cachafeiro Anta* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.36050.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 6 de febreiro de 2026.

2.36051.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA O ANO 2026 DO CIRCUÍTO “+ESCÉNICAS” DE APOIO Á PROGRAMACIÓN DE ARTES ESCÉNICAS EN GALEGO NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA. (EXPTE. 2026001823)

Antecedentes:

Primeiro.- A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cultura, ten entre os seus fins promover o impulso e o fomento da cultura popular galega nas súas múltiples e variadas expresións artísticas, así como a creación e a difusión artística, favorecendo o uso e a convivencia na nosa lingua.

Segundo.- Correspóndelle á Deputación de Pontevedra a competencia para a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social no territorio provincial (art. 36.1 d) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local), cuxo exercicio se traslada a través de diversas actuacións e programas que está a acometer a institución provincial en materia cultural que, á súa vez, están a servir como ferramentas de colaboración cos Concellos para o exercicio, pola súa banda da competencia que, en materia de promoción da cultura, lles atribúe o artigo 25 da citada norma.



Terceiro.- Coa finalidade de contribuír á programación cultural estable dos concellos da provincia de Pontevedra, a Deputación promoveu no ano 2024 o circuío “+ESCÉNICAS”, que posibilitou a realización de máis de cen espectáculos de teatro e danza, en lingua galega, en corenta e nove concellos de menos de 20.000 habitantes.

Cuarto.- A Deputación de Pontevedra promove unha nova convocatoria do circuío “+ESCÉNICAS”, para a programación de espectáculos profesionais de artes escénicas en galego nos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra durante o ano 2026, mantendo así o seu compromiso coas compañías, empresas de distribución de espectáculos e artistas profesionais e posibilitando un maior número de espectáculos a disposición dos concellos interesados.

Quinto.- Poderán beneficiarse deste circuío os concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2025.

Sexto.- Vistos os informes favorables xurídico e da Intervención de 4 de febreiro de 2026 con CSV: 23AS50GC8NJC2MWV.

Fundamentos xurídicos e técnicos:

Primeiro.- Lexislación aplicable

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 118 d) e 109.1.d)
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, art. 69
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (BOPPO núm. 249, de 30 de decembro de 2016).

Segundo.- No ámbito competencial, o apartado primeiro do artigo 44 da Constitución dispón que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito. Este mandato constitucional vincula a todos os poderes constituídos dentro do marco das súas respectivas competencias.

Nesta liña, a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, no artigo 9, contempla a lingua como vehículo do patrimonio cultural inmaterial e as artes do espectáculo, en especial a danza e a música, e as representacións como bens do patrimonio cultural inmaterial, especificando ademais no artigo 69, que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio



cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación.

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, no seu artigo 118 d), establece como competencias propias das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Do mesmo xeito que a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no seu artigo 36.1 d) determina a competencia provincial na cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Ademais, a Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, no seu artigo 25 establece que o Goberno Galego e as Corporacións Locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras.

Terceiro.- A competencia para a aprobación destas bases corresponde á Xunta de Goberno, segundo o previsto nas bases de execución do orzamento provincial

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar as Bases reguladoras da convocatoria para o ano 2026 do circuíto “+ESCÉNICAS” de apoio á programación de artes escénicas en galego nos concellos da provincia de Pontevedra e que figuran co CSV: 2MYJ6WJILZHYO16Q e que son do seguinte teor:

“BASES REGULADORAS PARA O ANO 2026 DO CIRCUÍTO “+ESCÉNICAS” DE APOIO Á PROGRAMACIÓN DE ARTES ESCÉNICAS EN GALEGO NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cultura, ten entre os seus fins promover o impulso da cultura galega nas súas múltiples e variadas expresións, así como a creación e a difusión artística, favorecendo o uso e a convivencia na nosa lingua. Dentro do marco das súas respectivas competencias, a Deputación ten o compromiso ineludible de establecer os instrumentos que aseguren, dentro do ámbito provincial, o dereito constitucional de acceso á cultura, co apoio á programación artística dos concellos e o fomento da creación de públicos. Nesta liña, no artigo 9 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, contéplase a lingua como vehículo do patrimonio cultural inmaterial e as artes do espectáculo, en especial a danza e a música, e as representacións como bens do patrimonio cultural inmaterial; ademais, no artigo 69 especificase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario e a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación. Adicionalmente, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte; do mesmo xeito que no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, se determina a competencia provincial na cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.



Coa finalidade de contribuír á programación cultural estable dos concellos da provincia de Pontevedra, a Deputación promoven no 2024 o circuito “+Escénicas”, que posibilitou a realización de máis de cen espectáculos de teatro e danza, en lingua galega, en corenta e nove concellos de menos de 20.000 habitantes.

Con estas bases, a Deputación de Pontevedra reforza o circuito a través do aumento da dotación orzamentaria dispoñible e da ampliación do caché máximo para os espectáculos inscritos no catálogo “+Escénicas”, e mantén así o seu compromiso coas compañías, empresas de distribución de espectáculos e artistas profesionais e posibilita un maior número de espectáculos á disposición dos concellos interesados.

Segundo o exposto, a Deputación de Pontevedra promove unha nova convocatoria do circuito “+Escénicas” para a programación de espectáculos profesionais de artes escénicas en galego nos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra durante o ano 2026, ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, de acordo coas seguintes

BASES REGULADORAS

1. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto regular a convocatoria para o ano 2026 do circuito “+Escénicas” de apoio á programación de espectáculos profesionais de artes escénicas en galego nos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra.

2. Dotación e imputación orzamentaria

O circuito “+Escénicas” desenvólvese con cargo á aplicación orzamentaria 26/330.3340.462.04, por un importe total de douscentos catro mil (204.000,00) euros.

3. Finalidade

Con este circuito promóvese o desenvolvemento de programacións estables de artes escénicas por parte das entidades beneficiarias, que poderán solicitar a realización de espectáculos profesionais do catálogo “+Escénicas” da provincia de Pontevedra.

4. Entidades destinatarias

Poderán beneficiarse deste circuito os concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes, segundo os datos ofrecidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio de 2025.

Non poderán obter a condición de beneficiarias as entidades nas que concurra algunha das prohibicións recollidas no artigo 13 da LXS, así como aquelas que de forma manifesta incumprisen algunha das condicións da cláusula 9.2 de obrigas dos concellos.

5. Réxime xurídico e principios de xestión

O procedemento establecido para a concesión das actuacións atenderá aos criterios establecidos na base sexta.

A xestión desta convocatoria realizarase de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.*
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Deputación de Pontevedra.*
- c) Eficiencia na asignación e no uso dos recursos públicos.*

A proposta de concesión formularaa o órgano instructor, que deberá comprobar a concorrencia dos requisitos establecidos para conceder as programacións de espectáculos sen que sexa necesario realizar a comparación das solicitudes presentadas.



6. Cofinanciamento dos espectáculos

A cada Concello corresponderalle unha subvención máxima por parte da Deputación de catro mil (4.000,00) euros, correspondente á porcentaxe de pago do total de espectáculos solicitados, polo que os concellos solicitantes deberán asumir a diferenza.

As porcentaxes de cofinanciamento do orzamento de cada espectáculo, incluídos, en todo caso, os impostos e as necesidades técnicas se así o solicitan, entre a Deputación e os concellos son as seguintes:

	Deputación % máxima	Concello % mínima
Concellos de ata 5.000 habitantes	90 %	10 %
Concellos de 5.000 a 10.000 habitantes	80 %	20 %
Concellos de 10.000 a 20.000 habitantes	70 %	30 %

Se o concello non solicita o espectáculo con necesidades técnicas, non poderá imputar o gasto destas ao contrato ou factura que estableza coa entidade responsable do espectáculo.

Para sufragar os gastos correspondentes á súa porcentaxe, os concellos poderán establecer e xestionar o cobro de entrada aos espectáculos, opción que deberá indicarse na solicitude. Logo da realización da función, presentaranlle á Deputación un certificado de Intervención do Concello no que se recolla a contía da recadación para as comprobacións pertinentes. En caso de que supere o importe correspondente á súa porcentaxe, minorarase a porcentaxe que lle corresponde á Deputación, e o Concello asumirá esta contía.

7. Obrigas para o desenvolvemento da programación

7.1. Obrigas das compañías, empresas e artistas

As entidades incluídas no catálogo “+Escénicas”, que reunirán os requisitos recollidos nas bases de creación do mesmo e actualizados na convocatoria publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 34, do 19 de febreiro de 2025), asumen as seguintes obrigas para levar a cabo os seus espectáculos:

- Realizar as funcións nos concellos, nos espazos e nos horarios previstos.
- Empregar a lingua galega e unha linguaxe non sexista nas súas actuacións.
- Cumprir co disposto no I Convenio colectivo de actores e actrices de teatro de Galicia (Diario Oficial de Galicia, núm. 83, de 30 de abril de 2009) e as súas posteriores modificacións, e respectar as condicións laborais de todo o persoal artístico e técnico participante en cada actuación, segundo a normativa laboral vixente para cada colectivo.
- Manter vixente en todo momento a póliza de responsabilidade civil e demais seguros obrigatorios.
- Incluír nas accións de promoción e nos materiais de difusión que se realicen ao abeiro do circuíto “+Escénicas” os elementos de imaxe da Deputación de Pontevedra establecidos nas normativas de identidade corporativa, accesibles no portal web corporativo da institución provincial.
- Entregarlles ás e aos responsables da programación por parte dos concellos ou da Deputación unha copia dos documentos de alta na Seguridade Social das persoas que participan no espectáculo nos controis de datos e financeiros periódicos e aleatorios que se realicen.
- Emitir as facturas legais correspondentes por parte da entidade indicada na inscrición no catálogo +Escénicas para as funcións realizadas polo importe total de cada espectáculo, con cargo ao Concello.

As facturas das funcións realizadas poderán ser emitidas por entidades, compañías ou artistas distintos aos que inscribiron os espectáculos, indicando e acreditando os datos correspondentes na solicitude de inscrición. Para aqueles espectáculos que xa figuren inscritos no catálogo, poderá solicitarse a modificación no prazo e mediante o formulario establecido para tal fin.



Pola súa parte, os grupos e as e os artistas incluídos no catálogo teñen dereito a ser retribuídos polas actuacións autorizadas con cargo ao circuito “+Escénicas”, por parte dos Concellos, que, á súa vez, percibirán a subvención por parte da Deputación de Pontevedra nos termos establecidos na base sexta.

7.2. Obrigas dos concellos

As entidades ás que se lles autoricen actuacións con cargo ao circuito “+Escénicas” están obrigadas a:

- a) Declarar responsablemente na súa solicitude que contan coa dispoñibilidade do espectáculo na data solicitada, coa achega da conformidade da compañía ou artista, así como que coñecen as condicións e as obrigas do programa.*
- b) Organizar, contratar (se procede) e levar a cabo os espectáculos autorizados logo da súa solicitude nun espazo axeitado e na data aprobada. En caso de que, por algunha causa imprevista, se producise un cambio de lugar ou de data da actuación aprobada, o Concello interesado trasladaralle a petición motivada do cambio ao Servizo de Cultura da Deputación de Pontevedra, acompañada da conformidade da compañía.*
- c) Obter os permisos necesarios para levar a cabo o espectáculo, así como cubrir, mediante unha póliza de seguro, os riscos de accidentes e de responsabilidade civil que poidan derivar da súa realización.*
- d) Cumprir coas condicións técnicas e de seguridade establecidas na Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.*
- e) Realizar a publicidade das actuacións en lingua galega e empregar unha linguaxe non sexista, non discriminatoria nin de incitación ao odio ou á violencia, e indicar expresamente nos distintos soportes publicitarios a pertenza ao circuito “+Escénicas” da Deputación de Pontevedra. A mencionada institución facilitará un modelo de cartel ou imaxe de publicidade en formato electrónico. Noutras accións de promoción e materiais de difusión que realice o Concello deberase incluír o logotipo da Deputación de Pontevedra e o circuito ou modalidade, seguindo as súas respectivas normativas de identidade corporativa, accesibles en <https://www.depo.gal/es/identidade-corporativa>. Así mesmo, se a institución provincial facilita publicidade en formato físico, o Concello deberá colocala nun lugar visible no espazo onde se realice o espectáculo.*
- f) Poñer á disposición das compañías o persoal necesario para axudar á carga e descarga do material, realizar o control de acceso de público e garantir o cumprimento das necesidades técnicas acordadas coas compañías e artistas, así como o bo estado, limpeza e correcto acondicionamento dos espazos escénicos.*
- g) Retribuírlle á compañía, empresa ou artista responsable da contratación do espectáculo os gastos correspondentes segundo as normas de cofinanciamento establecidas na base sexta.*
- h) Xustificar que se realizou o espectáculo coa presentación da documentación correspondente, segundo os termos previstos na base décima segunda, para percibir a subvención da parte financiada pola Deputación.*
- i) Aboarllas as tarifas xerais correspondentes á Sociedade Xeral de Autores e Editores (SGAE) ou ás entidades análogas correspondentes de protección de dereitos de autor, cando corresponda.*
- j) Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, inspección e control financeiro da Deputación de Pontevedra ou do órgano competente, así como realizar as súas propias comprobacións oportunas de altas na Seguridade Social coas compañías e artistas.*
- k) Conservar un exemplar de cada material de promoción que forme parte da actuación financiada coa imaxe corporativa da Deputación de Pontevedra durante un período dun (1) ano, para o suposto de que se realicen actuacións de comprobación do cumprimento dos requisitos da convocatoria por parte do órgano de concesión.*
- l) Estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra para a percepción de axudas públicas.*
- m) Aboarllas ás e aos artistas ou compañías a totalidade do importe do espectáculo.*



7.3. Obrigas da Deputación

- a) Realizar o control e seguimento da programación cos espectáculos autorizados a cada Concello, así como garantir o cumprimento das obrigas por todas as partes.
- b) Levar a cabo as actuacións de comprobación oportunas.
- c) Facilitar a consulta pública, a través do seu portal web, do catálogo “+Escénicas” e da programación final aprobada para cada Concello.
- d) Cofinanciar os espectáculos incluídos no circuíto, segundo o sinalado na base sexta.
- e) Elaborar e difundir un cartel en formato electrónico coa imaxe e cos datos facilitados polas compañías e concellos para cada espectáculo programado, e facilitárllelo ás partes interesadas para a súa difusión nas súas canles propias.
- f) Recompilar os datos fornecidos polos concellos e compañías nas fichas de control facilitadas tras a realización de cada espectáculo, así como nas posibles enquisas ao público que se leven a cabo por parte desta entidade.

8. Forma e lugar de presentación da solicitude de actuacións

Os concellos interesados deberán presentar unha única solicitude co espectáculo ou espectáculos propostos.

Na selección dos grupos ou artistas os concellos solicitantes deberán atender aos seguintes requisitos previos:

- a) Será condición indispensable que os concellos concerten e confirmen previamente coas compañías, empresas ou artistas a dispoñibilidade, as necesidades e os datos que se precisen para a programación do espectáculo.
- b) Poderán seleccionar un máximo de cinco espectáculos de compañías, empresas ou artistas diferentes. Se solicitan catro ou máis espectáculos, polo menos un deles deberá ser da modalidade +Danza.
- c) Deberán especificar en cada espectáculo se se solicita con necesidades técnicas incluídas ou non.
- d) Indicar a data, o lugar e a hora fixados para levar a cabo a función con cargo ao circuíto.
- e) Ter e presentar a conformidade da programación do espectáculo na data, no lugar e na hora fixados por parte da compañía ou artista que o realiza.
- f) Poderán solicitar espectáculos por unha cantidade final superior ao máximo subvencionado (4.000,00 €); neste suposto, deberán asumir a diferenza e respectar, como mínimo, a porcentaxe de cofinanciamento establecida na base sexta.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Para a presentación das solicitudes, a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema *Cl@ve*, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

9. Prazos

Establécense diferentes fases nesta convocatoria, para as cales proceden os seguintes prazos:

- Primeira fase: inscrición e modificación de espectáculos no catálogo “+Escénicas”
Do 1 ao 28 de febreiro de cada ano natural, segundo o publicado nas bases de creación e convocatoria do circuíto (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 133, do 9 de xullo de 2024).
- Segunda fase: solicitude de espectáculos
Prazo: do 16 ao 31 de marzo de 2026.
- Terceira fase: desenvolvemento da programación
Os espectáculos desenvolveranse entre o 1 de abril de 2026 e o 31 de marzo de 2027.
- Cuarta fase: xustificación



Os concellos presentarán a correspondente xustificación da realización do espectáculo ou función unha vez que se levase a cabo e logo de recibir a correspondente factura, en todo caso antes do 15 de abril de 2027.

10. Avaliación de solicitudes e resolución

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o Servizo de Cultura da Deputación, que actuará como instrutor do procedemento, realizará a correspondente revisión da documentación administrativa, o cumprimento dos requisitos esixidos nestas bases e cantas actuacións considere necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe pronunciar a resolución.

A resolución das solicitudes de programación dos concellos cos espectáculos seleccionados atenderá aos seguintes criterios:

- 1. A cada Concello interesado concederáselle un máximo de cinco espectáculos, cun orzamento subvencionado de 4.000,00 euros como máximo.*
- 2. Cada compañía, empresa de distribución ou artista poderá realizar un único espectáculo e función, dos que inscribiu, en cada Concello.*
- 3. Os concellos solicitantes non poderán solicitar máis dun espectáculo inscrito pola mesma compañía, empresa ou artista.*
- 4. En caso de non ser posible a adxudicación dun espectáculo por incumprimento das bases, requiriráselle ao Concello para que poida realizar unha nova solicitude de espectáculo ou espectáculos.*

Instruído o procedemento, o órgano instrutor, á vista do expediente e do informe de fiscalización, ditará a proposta de acordo, que será elevada á Xunta de Goberno para a súa aprobación.

O prazo máximo para resolver as solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria será de dous (2) meses, contados a partir do día seguinte ao da presentación das solicitudes.

A resolución da convocatoria ponlle fin á vía administrativa e contra ela poderanse interpoñer os recursos administrativos ou xudiciais preceptivos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente.

11. Notificacións

As resolucións e actos administrativos notificaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, sistema accesible desde a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>) ou directamente en <https://debu.redsara.es/>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás entidades solicitantes avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

12. Xustificación e pagamento

Os concellos aboarán a totalidade do importe da función a cada unha das compañías, empresas ou artistas responsables dos espectáculos que lles fosen concedidos.

O prazo para presentar a xustificación dos espectáculos remata o 15 de abril de 2027.

A Deputación aboaralle ao Concello o importe correspondente á porcentaxe de cofinanciamento de cada espectáculo, recollida na base sexta, logo da xustificación por parte do Concello da realización deste, coa limitación de 4.000 euros como máximo.



Para cobrar o importe que lle corresponde aboar á Deputación, os concellos deberán achegar a seguinte documentación:

- *Certificado emitido pola ou polo interventor do Concello do recoñecemento da obriga por parte desta entidade do importe da actuación.*
- *Acreditación da realización do espectáculo ou función.*
- *Factura correspondente á realización da función, que deberá reunir os requisitos legais establecidos.*
- *Declaración doutros ingresos para a mesma actividade e, se optou na solicitude polo cobro de entrada, achegarse tamén o certificado de Intervención no que se recolla a contía da recadación, tal e como se establece na base sexta.*

Contémplase a posibilidade de presentar xustificacións parciais segundo se vaian realizando os espectáculos, coas que se achegará, no seu caso, a documentación que antes se indica. No caso dos concellos en cuxa solicitude se supere o orzamento máximo subvencionado (4.000,00 euros), axustaranse as porcentaxes correspondentes na xustificación do último espectáculo ou na xustificación conxunta, sen que en ningún caso se supere a cantidade máxima subvencionada.

13. Cambios, anulacións e trámites posteriores

Os cambios xustificados con acordo entre ambas as partes, así como todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento, faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o motivo e o procedemento para o que se efectúa o trámite.

14. Incumprimentos e sancións

Consideraranse como incumprimento das bases da convocatoria as accións e omisións indicadas a continuación, que darán lugar á imposición de sanción:

- a) A non organización do espectáculo programado por parte do Concello ou a non representación deste por parte da compañía ou profesional, salvo causas de forza maior, implicará a exclusión da participación neste circuito na próxima convocatoria da entidade causante do incumprimento.*
- b) A falta de pagamento por parte do Concello solicitante dará lugar á exclusión da participación no circuito na próxima convocatoria.*
- c) Unha vez vencido o prazo de xustificación sinalado na base novena sen que a entidade beneficiaria presente a documentación xustificativa, o Servizo de Cultura requiriralle que o faga no prazo improrrogable de quince (15) días. Non achegar a documentación neste prazo suporá a perda da subvención e as demais responsabilidades previstas na LXS.*
- d) A modificación do caché ou do elenco do espectáculo indicado na solicitude de inscrición por parte da compañía, empresa ou artista sen causa xustificada dará lugar á exclusión da participación no circuito na próxima convocatoria.*

15. Órgano de aprobación

De acordo co establecido na base 16.2 das de execución do Orzamento para o ano 2026 e co contemplado no artigo 18 da LXS, o órgano competente para aprobar estas bases é a Xunta de Goberno.

16. Aceptación das bases e exención de responsabilidade derivada da execución das actividades

A participación nesta convocatoria implica a plena aceptación destas bases, sen ningún tipo de reservas, ademais de todas as resolucións que adopte a Deputación.

A Deputación de Pontevedra quedará eximida de calquera responsabilidade derivada da execución das actividades que se desenvolvan ao abeiro desta convocatoria.



17. Protección de datos

Os datos persoais obtidos nestes procedementos serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que as persoas interesadas declaren nas súas solicitudes para comprobar a exactitude destes e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos nestes procedementos serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público en xeral dada a publicación de actos prevista no punto noveno.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.”

3.36052.-

APROBACIÓN DOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN ENTRE ESTA DEPUTACIÓN E OS CONCELLOS DE: AGOLADA, ARBO, BAIONA, BARRO, CAMPO LAMEIRO, CANGAS, CERDEDO COTOBADE, A CAÑIZA, O COVELO, CRECENTE, DOZÓN, A ESTRADA, FORCAREI, GONDOMAR, O GROVE, A GUARDA, A ILLA DE AROUSA, LALÍN, A LAMA, MARÍN, MEAÑO, MOAÑA, MONDARIZ, MONDARIZ BALNEARIO, MORAÑA, MOS, AS NEVES, OIA, PONTE CALDELAS, PONTEAREAS, PORTAS, REDONDELA, O ROSAL, SALVATERRA DE MIÑO, SANXENXO, SILLEDA, SOUTOMAIOR, TOMIÑO, TUI, VALGA, VILA DE CRUCES E VILABOA, PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO SERVIZO DE IMPLANTACIÓN, USO E SOPORTE DUNHA SOLUCIÓN DE PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES PARA CONCELLOS (EXPTE. 2026004285)

Primeiro.- Mediante acordo da Xunta de Goberno, en sesión ordinaria de data 16 de xaneiro de 2026, foi aprobado o convenio marco de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia de Pontevedra, cunha poboación inferior a 50.000 habitantes, para a execución do proxecto servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos, expte nº 2025077297.

Segundo.- Para a formalización do devandito convenio de colaboración, os concellos interesados deben proceder a súa aprobación, así como á sinatura do modelo de carta de adhesión pola persoa representante de cada concello e tamén teñen que estar adheridos á Oficina Tecnolóxica de Asistencia aos Concellos, durante o período de duración do convenio.



Terceiro.- Recibíronse ata o de agora as aprobacións do convenio, xunto coas cartas de adhesión dos seguintes concellos: Concello de Agolada, Concello de Arbo, Concello de Baiona, Concello de Barro, Concello de Campo Lameiro, Concello de Cangas, Concello de Cerdedo Cotobade, Concello de A Cañiza, Concello de O Covelo, Concello de Crecente, Concello de Dozón, Concello de A Estrada, Concello de Forcarei, Concello de Gondomar, Concello de O Grove, Concello de A Guarda, Concello de A Illa de Arousa, Concello de Lalín, Concello de A Lama, Concello de Marín, Concello de Meaño, Concello de Moaña, Concello de Mondariz, Concello de Mondariz Balneario, Concello de Moraña, Concello de Mos, Concello de As Neves, Concello de Oia, Concello de Ponte Caldelas, Concello de Pontearreas, Concello de Portas, Concello de Redondela, Concello de O Rosal, Concello de Salvaterra de Miño, Concello de Sanxenxo, Concello de Silleda, Concello se Soutomaior, Concello de Tomiño, Concello de Tui, Concello de Valga, Concello de Vila de Cruces e Concello de Vilaboa.

Cuarto.- A aprobación dos convenios xa conta co financiamento máximo que se considera necesario, segundo consta no expediente de contratación número 2025064680.

Vista a dilixencia de conformidade da Intervención Xeral de data 10 de febreiro de 2026.

Por todo o exposto, e sendo a Xunta de Goberno o órgano competente para aprobar os presentes convenios, en aplicación das bases aprobadas para a execución do orzamento, acórdase por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar os convenios de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os seguintes concellos: Concello de Agolada, Concello de Arbo, Concello de Baiona, Concello de Barro, Concello de Campo Lameiro, Concello de Cangas, Concello de Cerdedo Cotobade, Concello de A Cañiza, Concello de O Covelo, Concello de Crecente, Concello de Dozón, Concello de A Estrada, Concello de Forcarei, Concello de Gondomar, Concello de O Grove, Concello de A Guarda, Concello de A Illa de Arousa, Concello de Lalín, Concello de A Lama, Concello de Marín, Concello de Meaño, Concello de Moaña, Concello de Mondariz, Concello de Mondariz Balneario, Concello de Moraña, Concello de Mos, Concello de As Neves, Concello de Oia, Concello de Ponte Caldelas, Concello de Pontearreas, Concello de Portas, Concello de Redondela, Concello de O Rosal, Concello de Salvaterra de Miño, Concello de Sanxenxo, Concello de Silleda, Concello se Soutomaior, Concello de Tomiño, Concello de Tui, Concello de Valga, Concello de Vila de Cruces e Concello de Vilaboa, para a execución do proxecto servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos.

Segundo.- Aprobar as liquidacións anuais, segundo o previsto no modelo de contraprestación económica, Anexo I do convenio de colaboración.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Novas Tecnoloxías, para que no prazo previsto na cláusula sexta do devandito convenio, notifique as correspondentes cartas de pagamento de acordo co seguinte detalle:



	ENTIDADE LOCAL	POBOACIÓN	PAGAMENTO POR ENTIDADE
1	CONCELLO DE AGOLADA	2.225	203,17 €
2	CONCELLO DE ARBO	2.603	203,17 €
3	CONCELLO DE BAIONA	12.361	609,51 €
4	CONCELLO DE BARRO	3.674	203,17 €
5	CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO	1.667	203,17 €
6	CONCELLO DE CANGAS	26.711	1.015,86 €
7	CONCELLO DE CERDEDO COTOBADE	5.671	406,34 €
8	CONCELLO DE A CAÑIZA	4.990	203,17 €
9	CONCELLO DE O COVELO	2.472	203,17 €
10	CONCELLO DE CRECENTE	1.921	203,17 €
11	CONCELLO DE DOZÓN	961	203,17 €
12	CONCELLO DA ESTRADA	20.112	1.015,86 €
	ENTIDADE LOCAL	POBOACIÓN	PAGAMENTO POR ENTIDADE
13	CONCELLO DE FORCAREI	3.067	203,17 €
14	CONCELLO DE GONDOMAR	15.066	609,51 €
15	CONCELLO DE O GROVE	10.833	609,51 €
16	CONCELLO DE A GUARDA	9.970	406,34 €
17	CONCELLO DE A ILLA DE AROUSA	4.809	203,17 €
18	CONCELLO DE LALÍN	20.292	1.015,86 €
19	CONCELLO DE A LAMA	2.437	203,17 €
20	CONCELLO DE MARÍN	23.991	1.015,86 €
21	CONCELLO DE MEAÑO	5.237	406,34 €
22	CONCELLO DE MOAÑA	19.320	609,51 €
23	CONCELLO DE MONDARIZ	4.456	203,17 €
24	CONCELLO DE MONDARIZ BALNEARIO	742	203,17 €
25	CONCELLO DE MORAÑA	4.131	203,17 €
26	CONCELLO DE MOS	15.233	609,51 €
27	CONCELLO DE AS NEVES	3.657	203,17 €
28	CONCELLO DE OIA	3.062	203,17 €



29	CONCELLO DE PONTE CALDELAS	5.609	406,34 €
30	CONCELLO DE PONTEAREAS	23.211	1.015,86 €
31	CONCELLO DE PORTAS	2.748	203,17 €
32	CONCELLO DE REDONDELA	28.874	1.015,86 €
33	CONCELLO DE O ROSAL	6.548	406,34 €
34	CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO	10.617	609,51 €
35	CONCELLO DE SANXENXO	18.016	609,51 €
36	CONCELLO DE SILLEDA	8.917	406,34 €
37	CONCELLO DE SOUTOMAIOR	7.589	406,34 €
38	CONCELLO DE TOMIÑO	13.738	609,51 €
	ENTIDADE LOCAL	POBOACIÓN	PAGAMENTO POR ENTIDADE
39	CONCELLO DE TUI	17.468	609,51 €
40	CONCELLO DE VALGA	5.779	406,34 €
41	CONCELLO DE VILA DE CRUCES	4.967	203,17 €
42	CONCELLO DE VILABOA	5.856	406,34 €

Cuarto: Así mesmo, queda corrixida a cláusula 10 do “Convenio marco de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia de Pontevedra, cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para a execución do proxecto da implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos” aprobado na sesión da Xunta de Goberno de data 16 de xaneiro de 2026, con CSV ZACQCP3ARPEMNYCY, no sentido seguinte:

Onde di:

Na cláusula Décima. Vixencia, duración e prórroga do convenio.

Este convenio terá unha vixencia con efectos desde a data 22 de febreiro de 2026 ata a finalización do contrato de subministro “implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos” con nº de expediente 2025064680, ata un máximo de 5 anos de conformidade co disposto no artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

A tramitación, subscrición e efectos da prórroga que no seu caso se acorde efectuarase de acordo co previsto pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e co resto da normativa aplicable.



Debe dicir:

Este convenio terá unha vixencia con efectos desde a data 22 de febreiro de 2026 ata a finalización do contrato de subministro “implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos” con nº de expediente 2025064680, podendo prorrogarse ata un máximo de 5 anos de conformidade co disposto no artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

A tramitación, subscrición e efectos da prorroga que no seu caso se acorde efectuarase de acordo co previsto pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e co resto da normativa aplicable.

Quinto.- Facultar ó presidente para a formalización dos mencionados convenios mediante a súa sinatura.

4.36053.- CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO MARÍTIMO-FLUVIAL NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2025. (EXPT. 2024083219)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 3 de outubro de 2025, aprobou as Bases de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o ano 2025, publicadas no BOPPO núm. 190, de 6 de outubro de 2025.

A Deputación Provincial, consciente da riqueza e singularidade do patrimonio marítimo-fluvial galego e da necesidade de preservalo e difundilo, promove, a través do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, esta liña de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor dos bens que integran o patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o seu uso en actividades de promoción sociocultural.

A instrución do procedemento de concesión das subvencións correspóndelle á xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, quen realizou de oficio cantas actuacións se estimaron necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos, examinando as solicitudes e a documentación presentadas, requirindo ás entidades solicitantes a emenda de defectos ou omisións observadas.

Con data 21 de xaneiro de 2026, a xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico remite a Intervención a relación de todos os expedientes de solicitude presentados, xunto co informe-proposta de concesión de subvencións, para a súa fiscalización (CSV: JGK2VR64Y4X2OZI4).

Fiscalizadas as correspondentes solicitudes, emítese polo Servizo de Intervención, con data 22 de xaneiro de 2026, informe favorable sobre existencia de consignación, por un importe de 90.000,00 euros, con cargo á aplicación 26/332.3322.789.01.2025 do vixente Orzamento provincial (CSV: QOG46QBAC8VDB3UD).



Reunida a Comisión de Valoración instituída para tal fin, con data 23 de xaneiro de 2026, a xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico informa das características dos proxectos presentados e das valoracións efectuadas seguindo os criterios sinalados na base décimo segunda das bases reguladoras da convocatoria. Procédese á revisión e aceptación das valoracións realizadas, admitíndose favorablemente un total de 12 solicitudes presentadas en tempo e forma, que cumpren con cada un dos requisitos establecidos nas bases da convocatoria.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA)
- Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (LPCG)
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXS)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP)
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local (LRSAL)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL)
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL)
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Bases reguladoras de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o ano 2025

RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

Desde o punto de vista competencial, no artigo 46 da Constitución española establécese que os poderes públicos garantirán a conservación e promoverán o enriquecemento do patrimonio histórico, cultural e artístico dos pobos de España e dos bens que o integran, calquera que sexa o seu réxime xurídico e a súa titularidade.



No título preliminar da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, recóllese que o seu patrimonio cultural está constituído polos bens mobles, inmobles ou manifestacións inmateriais que, polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, deban considerarse de interese para a permanencia, o recoñecemento e a identidade da cultura galega a través do tempo.

Así, a devandita lei galega determina o ámbito de competencias e o réxime da colaboración interadministrativa nos que se fomenta a colaboración de todas as administracións implicadas na protección e na promoción do patrimonio cultural de Galicia. As entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen a obriga de protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural.

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 17.3 da OXS, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación de aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a concesión de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o ano 2025 ás 12 solicitudes que figuran na relación co CSV: 8CXM9KU68WQN090D que se citan a continuación:

CUADRO DE CONCESIONES

Expediente	NIF/CIF	Entidade	Obxecto subvención	Presuposto	Solicitude	Valor	Asignado	%
2025071431	G72974108	ASOC CULTURAL CORNAMUSA AROUSA	Reparación da embarcación tipo Racú "Catuxa"	11.858,00 €	9.486,40 €	68	9.486,40 €	80
2025070682	G36381408	CLUB MARIÑO A REIBOA	Reparación da embarcación "Luisa III"	1.876,23 €	1.500,98 €	73	1.500,98 €	80
2025070797	G36484392	ASOC CULTURAL, DEPORTIVA E PROMOTORA DE ACTIVIDADES XUVENIS FASQUIA	Traballos de mellora en doma tope "Lavanqueira"	8.009,70 €	6.407,76 €	71	6.407,76 €	80
2025071401	G36039808	SOCIEDAD DEPORTIVA SAMERTOLAMEU	Rehabilitación do edificio do foso de adestramento de remo de banco fixo	13.340,40 €	10.000,00 €	83	10.000,00 €	74,96
2025070219	G36353464	AMIGOS DAS EMBARCACIONES TRADICIONAIS	Equipamento de velería para a doma "Mareira I"	4.537,50 €	3.630,00 €	62	3.630,00 €	80
2025071191	G36307247	AMIGOS DA DORNA DE PORTONOVO	Proxecto de arranxo e mellora da doma Nai "Surfeira"	14.066,42 €	11.253,14 €	72	11.253,14 €	80
2025067194	G36031292	A.D. CULTURAL DORNA	GALEÓN REY DO MAR	7.719,80 €	6.175,84 €	65	6.175,84 €	80
2025070700	G36472306	ASOCIACION RECREATIVA E CULTURAL SUESTE	Rehabilitación deo galeón "Eliseo"	7.848,98 €	6.279,18 €	79	6.279,18 €	80
2025071125	G36799351	ASOCIACION DE MARINEROS ARTESANALES Y DEPORTIVOS SAN MIGUEL DE BOUZAS	Adquisición de motor para a embarcación buceta "A Fanequeira"	10.285,00 €	8.228,00 €	66	8.228,00 €	80
2025070836	G36438273	MAR DA PEDRA DE AMIGOS DAS GAMELAS	Restauración da gamela coruxeira "Rula"	4.779,63 €	3.839,70 €	75	3.823,70 €	80
2025069383	G94151446	ASOCIACION CULTURAL E DEPORTIVA VELA TRADICIONAL CAMBADOS	3ª fase de rehabilitación da Doma Airexa	14.828,55 €	11.862,84 €	80	11.862,84 €	80
2025070013	G02805455	ASOCIACION CULTURAL DS ILLA DE AROUSA	Mantemento do barco "San Pedro"	11.792,50 €	9.434,00 €	65	9.434,00 €	80



- Excluir deste programa as 9 solicitudes que figuran na relación co CSV: JUZP98R8B1DGMNW8 que se citan a continuación

CUADRO DE EXCLUÍDOS

EXPEDIENTE	CIF	ENTIDADE	ASUNTO	MOTIVO DE EXCLUSIÓN
2025069987	G36799351	Asociación de Marineros Artesanales y Deportivos San Miguel de Bouzas	Substitución de velaría no galeón "Coruxo"	Incumprimento das bases 4 e 9 (Non ser titulares do ben obxecto da subvención ou non dispoñer do uso ou cesión de 5 anos de duración)
2025071424	G94164167	Asociación Cultural de Embarcacións Tradicionais Piueiro	Rehabilitación de volanteiro e gamelas guardesas	Incumprimento da base 5 (Os traballos de rehabilitación refírense a máis dunha embarcación)
2025071441	G27865252	Asociación Idilicamente	Reparación da goleta "Evangeline uno"	Incumprimento das bases 4 e 9 (Non ser titulares do ben obxecto da subvención ou non dispoñer do uso ou cesión de 5 anos de duración)
2025069473	G27837988	Fundación Traslatio	Restauración do buque museo de vapor "Hidra Segundo"	Incumprimento da base 4 (Non estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria)
2025069418	G36200806	Asociación de Amigos de Dorna Meca	Colocación dun motor intraborda na embarcación "A Meca"	Incumprimento da base 4 (Non estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria)
2025071430	G36627495	Centro Recreativo Artístico e Cultural de Coruxo	Restauración de gamela coruxeira "A Buxaina"	Incumprimento da base 4 (Non estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria)
2025070464	G94139235	Asociación Cultural Caramuxo da Illa de Arousa	II Fase do proxecto de restauración do galeón "Daniel"	Incumprimento da base 4 (Non estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria)
2025071132	G36870012	Asociación Gameleiros Asodiña	Reparación da gamela guardesa "Asodiña"	Falta de documentación requirida
2025018823	G36525673	Asociación Calmoseira	Posta en valor do galeón "Adelino Manuel"	Documentación Incompleta

5.36054.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MORAÑA, NO MARCO DO III PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “CAMPO DE FUTBOL DE MIRALLOS. MORAÑA. PONTEVEDRA. FASE 3”. (EXPTE. 2025081757)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación Provincial na súa sesión extraordinaria do 30 de setembro de 2025, mediante o acordo número 5.8494, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, publicadas no BOPPO núm. 189, de 3 de outubro de 2025.
- O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2026/942.3420.762.95.25.



- As subvencións outórganse polo procedemento de concorrncia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2024).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2025008123 de data 07/10/2025 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Moraña o importe que lle corresponde é de 100.843,60 euros.
- En data 18/12/2025, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2025086215) dunha petición do Concello de Moraña, na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 100.843,60 €, con destino ao financiamento do investimento denominado “OBRAS EN "CAMPO DE FÚTBOL DE MIRALLOS. MORAÑA. PONTEVEDRA. FASE 3”, cun orzamento de 230.432,82 euros dos que o Concello comprométese a financiar os restantes 129.589,22 euros.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do III PEID.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 02/02/2026 CSV: 2N8X4VS7LA5XXWVD)
- Así mesmo, o 02/02/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención (CSV: 8S1MQ5O917WH8BW8) e a Intervención provincial emite informe favorable o 06/02/2026 (CSV: 8FRVC5WKBLB0MIRD).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)



- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (III PEID)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.



- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do III PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do III PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do III PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓN

A solicitude do Concello de Moraña relativa ao financiamento do investimento denominado “OBRAS EN “CAMPO DE FUTBOL DE MIRALLOS. MORAÑA. PONTEVEDRA. FASE 3” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do III PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 100.843,60 €.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Moraña*, CIF P3602900G a cantidade de 100.843,60 € con destino ao financiamento do investimento “Obras en *Campo de Fútbol de Mirallos. Moraña. Pontevedra. Fase 3*” ao abeiro do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento polo mesmo importe.



A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do III PEID (BOPPO núm. 189, de 03/10/2025) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

Para a realización do presente investimento o Concello precisa, tal como se recolle na documentación achegada, da autorización sectorial da Axencia Galega de Infraestruturas, cuxa solicitude consta no expediente, polo que, a presente concesión queda condicionada á obtención da dita autorización, así como á aportación do acordo de aprobación do proxecto e da acta de trazado previo (Anexo I), sendo imprescindible que achegue a devandita documentación xunto coa primeira xustificación da axuda económica.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.3420.762.95.25 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Moraña*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

6.36055.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE RODEIRO AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2026 (LIÑA 3). (EXPTE.2026003499)

ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26/12/2025, punto núm.4.8555, aprobou as Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 02/01/2026.
- 2) Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127, de 14/01/2026, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 3) De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.
- 4) Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:



CONCELLO DE RODEIRO					
Data de presentación:			21/01/2026 (registro WEB2026003755)		
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
12	1 auxiliar administrativo/a en xornada de 20 h./sem. durante 9,3 meses; 1 traballador/a social, 2 técnicos/as de educación infantil e 3 peóns de servizos diversos en xornada de 25 h./sem. durante 8,8667 meses; 1 educador/a social a xornada completa durante 7,4667 meses; 3 peóns de servizos diversos en xornada de 25 h./sem. durante 6,3333 meses e 1 peón de servizos diversos en xornada de 25 h./sem. durante 2,7 meses	125.861,78 €	125.861,78 €	0,00 €	125.861,78 €

- 5) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2026/942.9425.462.03 existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE RODEIRO	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	125.909,90 €

- 6) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe da subvención segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.





FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas bases do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDPEPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.



- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que o órgano instructor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables.

CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello.

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polo concello, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada



completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Oitava do Capítulo III. Asemade, deberanse xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na citada base e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2026 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2026, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16^a.2^a c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe do xefe do Servizo de Cooperación (CSV: 8XVAP08ADR120A8R) e do informe de Intervención (CSV: YAP07YCIL8Y008C2), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a concesión dunha subvención ao *Concello de Rodeiro* (CIF P3604700I) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrência non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2026 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2026/942.9425.462.03:



ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Rodeiro (P3604700I)	12	1 auxiliar administrativo/a en xornada de 20 h./sem. durante 9,3 meses; 1 traballador/a social, 2 técnicos/as de educación infantil e 3 peóns de servizos diversos en xornada de 25 h./sem. durante 8,8667 meses; 1 educador/a social a xornada completa durante 7,4667 meses; 3 peóns de servizos diversos en xornada de 25 h./sem. durante 6,3333 meses e 1 peón de servizos diversos en xornada de 25 h./sem. durante 2,7 meses	125.861,78 €

- A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases do Plan +Provincia 2026-2027 no referente á liña 3, especificamente na base Cuadraxésima Terceira.
- En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.
- En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización do período máximo subvencionable (31 de decembro de 2026) cómpre presentar na sede electrónica da institución provincial a documentación xustificativa que se indica na base Cuadraxésimo Oitava das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida conforme ao establecido no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- Darlle traslado do presente acordo ó Concello, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

7.36056.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SILLEDA, NO MARCO DO III PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REMODELACIÓN INTERIOR DOS VESTIARIOS DA PISCINA MUNICIPAL DE A BANDEIRA”. (EXPTE. 2025081555)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión extraordinaria do 30/10/2025, mediante o acordo núm. 5.8494 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (III PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 189, do 03/10/2025.



- O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2026/942.3420.762.95.2025.
- As subvencións outorgaranse polo procedemento de concorrència non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2024).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2025008123 de data 07/10/2025 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Silleda o importe que lle corresponde é de 130.774,39 €.
- En data 17/12/2025, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2025086011) dunha petición do Concello de Silleda, na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 130.774,39 €, con destino ao financiamento do investimento denominado “REMODELACIÓN INTERIOR DOS VESTIARIOS DA PISCINA MUNICIPAL”, cun orzamento polo mesmo importe.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do III PEID.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 02/02/2026 (CSV: JUU3NY43HX1ZPJ17)
- Así mesmo, o 02/02/2026 a xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención (CSV: KI8A2GNUOD9G3EA3) e a Intervención provincial emite informe favorable o 06/02/2026 (CSV: 0HRGYOG00Z74J0ID).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)



- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (III PEID)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que lle corresponde ó xefe do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.



- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do III PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do III PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do III PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

A solicitude do Concello de Silleda relativa ao financiamento do investimento denominado “REMODELACIÓN INTERIOR DOS VESTIARIOS DA PISCINA MUNICIPAL” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do III PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 130.774,39 €.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Silleda*, CIF P3605200I a cantidade de 130.774,39 € con destino ao financiamento do investimento “REMODELACIÓN INTERIOR DOS VESTIARIOS DA PISCINA MUNICIPAL” ao abeiro do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento polo mesmo importe.



A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do III PEID (BOPPO núm. 189, de 03/10/2025) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

Para a realización do presente investimento, o Concello precisa tal como, se recolle na documentación achegada, da autorización sectorial da Consellería de Medio Rural e da AESA, cuxas solicitudes constan no expediente. Polo que, a concesión da presente subvención queda condicionada á obtención de ditas autorizacións, sendo imprescindible que achegue a devandita documentación xunto coa primeira xustificación da axuda económica.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.3420.762.95.25 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Silleda*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

8.36057.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 04/10/2024 (NÚM. 5.34232), POLO QUE SE CONCEDÍA AO CONCELLO DE NIGRÁN, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024-LIÑA 1 INVESTIMENTOS, UNHA SUBVENCIÓN CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REDE DE SANEAMENTO E REDE DE ABASTECIMENTO NA PATEIRA” POR CAMBIO DE PROXECTO E MINORACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA (EXPTE.2024058727)

ANTECEDENTES:

- Mediante acordo da Xunta de Goberno núm. 5.34232 de data 04/10/2024 concedéuselle ao Concello de Nigrán, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, unha subvención por importe de 215.621,77 euros, co obxecto do financiamento do investimento “Rede de saneamento e abastecemento na Pateira ” (2024058727), en base a un orzamento que ascendía ao mesmo importe.
- A concesión da subvención ficou condicionada á concesión dunha prórroga por parte da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), así como á presentación da resolución (ou acordo) de aprobación do proxecto e acta de trazado previo (Anexo III).
- En data 14/01/2026 consta entrada na sede electrónica da Deputación, WEB2026002105 instancia xenérica do Concello de Nigrán coa que achega o proxecto técnico reformulado do investimento arriba subliñado e solicita a súa tramitación.



- O proxecto reformulado do investimento “Rede de saneamento e rede de abastecemento na Pateira” (2024058727), emenda certas deficiencias que foron detectadas pola enxeñeira municipal no proxecto orixinal e plasmadas no seu informe de supervisión de data 10/12/2024.

A nova versión do proxecto non varia tipoloxía nin a finalidade inicialmente aprobada, pero supón unha alteración orzamentaria dado que se minora o custo da obra en 19.956,66 euros, pasando a importar 195.665,11 euros.

- Revisada a documentación, a solicitude petición cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación
- Acordo do Pleno núm. 5.8542 de 28/11/2025 (BOPPO núm. 232 de 03/12/2025).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada, sempre que a solicitude se presente antes da licitación do investimento, se axuste algunha das circunstancias contempladas na devandita base e non prexudique dereitos de terceiros.
Así mesmo, se a reformulación do proxecto técnico supón a minoración do custo do proxecto e da subvención concedida, o Concello poderá solicitar a aplicación do importe sobranse no financiamento dun novo investimento cos límites previstos na base 19ª ou no financiamento/minoración dunha achega municipal dunha obra incluída no Plan + Provincia 2024.
- Acordo do Pleno da Deputación núm. 5.8512 de 28/11/2025 (BOPPO núm. 232 de 03/12/2025) polo que se prorroga o Plan + Provincia 2024. Deste modo, os investimentos incluídos na liña 1 deberán estar executados a 30/09/2026 e xustificados a 31/10/2026.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 27/01/2026, e do Xefe do servizo de Cooperación, da mesma data, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 03/02/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

- Autorizar o proxecto reformulado que rexeirá a execución do investimento “Rede de saneamento e rede de abastecemento na Pateira” (2024058727). O proxecto reformulado achegado en data 14/01/2026 (CSV:VW6PHCZ83P8JM9JH), substitúe ao presentado en data 28/08/2024 (CSV:XMFGOQGCLU48ZIVX).



- Minorar en 19.956,66 euros a subvención concedida co obxecto do financiamento do investimento “Rede de saneamento e rede de abastecemento na Pateira” (2024058727), quedando esta fixada en 195.665,11 euros.
- Deixar en dispoñible o crédito previamente comprometido, por importe de 19.956,66 euros, na aplicación orzamentaria 2026/942.9425.762.45.2024, dentro do correspondente proxecto de gasto, con destino ao financiamento do novo investimento proposto pola entidade municipal.
- Lembrar que a licitación, execución e xustificación do investimento realizárase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme ao acordo do Pleno da Deputación núm. 5.8512 de 28/11/2025 (BOPPO núm. 232 de 03/12/2025), polo que se prorroga o Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado a 30/09/2026 e xustificado a 31/10/2026 . O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Nigrán*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

9.36058.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 2203 BAREDO - E.P. BAIONA-LOUREZA DENDE O P.Q. 1+660 AO P.Q. 2+550. CONCELLO DE BAIONA”.
(EXPTE.2026002683)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que a Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.



Resultando.- Que o servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, dentro dos seus obxectivos ten dar impulso a recuperación de espazos públicos, accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria. Por este motivo, lévanse a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial prioridade a protección dos colectivos con máis vulnerabilidade, peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 2203 Baredo-EP Baiona-Loureira, que transcorre polo Concello de Baiona e ten unha lonxitude de 3.221 m.

Resultando.- Que nesta liña de traballo, a Deputación de Pontevedra decide promover o proxecto de “Mellora da mobilidade peonil na EP 2203 Baredo – EP Baiona – Loureira dende o P.Q. 1+660 ao P.Q. 2+550. Concello de Baiona”, no termo municipal de Baiona.

Resultando.- Que co fin de executar unha actuación que permita unha mellora da mobilidade peonil para solucionar os problemas de inseguridade que se producen diariamente, o proxecto consiste na creación dun itinerario peonil entre o P.Q. 1+660 e o P.Q. 2+550 da EP 2203.

Resultando.- Que con data 17/12/2025 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Baiona o convenio de colaboración para a execución do proxecto “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2203 Baredo - E.P. Baiona-Loureira dende o P.Q. 1+660 ao P.Q. 2+550. Concello de Baiona”.

Resultando.- Que recolle o citado convenio que as obras serán financiadas pola Deputación de Pontevedra e o Concello de Baiona nas cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	786.898,98 euros	80
Concello de Oia	196.724,75 euros	20
TOTAL OBRAS	983.623,73 euros	100

Resultando.- Que recolle tamén o convenio que lle corresponde á Deputación a redacción do proxecto e a licitación dirección, execución e recepción das obras, así como a tramitación do expediente de expropiación para obter os terreos necesarios para poder acometer as obras.

Resultando.- Que a tal fin redactouse polo enxeñeiro D. Pablo Blanco Ferreiro, adscrito á empresa Estudio Técnico Gallego, S.A., o proxecto de construción “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2203 Baredo - E.P. Baiona-Loureira dende o P.Q. 1+660 ao P.Q. 2+550. Concello de Baiona, cun orzamento base de licitación de 983.623,73 € IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: WSI3NZWIHGL6OB1C.

Resultando.- Que o Pleno da Corporación provincial na súa sesión de data 31/07/2025 acordou a aprobación inicial do proxecto constructivo “Mellora da mobilidade peonil na EP-2203 Baredo – EP Baiona-Loureira, dende o PQ 1+660 ao PQ 2+550. Concello de Baiona” e do expediente expropiatorio asociado.



Resultando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26/12/2025 acordou estimar algunhas alegacións presentadas e aprobar definitivamente o proxecto construtivo de “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2203 Baredo - E.P. Baiona-Loureza dende o P.Q. 1+660 ao P.Q. 2+550. Concello de Baiona”, que incorpora o solicitado nesas alegacións. O proxecto definitivamente aprobado foi incorporado o expediente e asignóuselle o código CSV: X710C1RJXALV4FP9.

Resultando.- Que na súa consecuencia, mediante providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas e Mobilidade que consta no expediente con CSV: 4ELK68ZYDVG596K4, solicítase a tramitación do expediente de contratación para a adxudicación do contrato de obras “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2203 Baredo - E.P. Baiona-Loureza dende o P.Q. 1+660 ao P.Q. 2+550. Concello de Baiona”

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: MEI8KAXKPLBEW0WT informe do Secretario Xeral da Deputación, no que se recolle o seguinte: “...*Estímase que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente. Antes do comezo das obras debe de contarse coas autorizacións sectoriais preceptivas en vigor...*”

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 1BBRKED19QEUEQMG, informe de fiscalización do expediente, no que se recolle o seguinte: “...*Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio. Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente...*”

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.



Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “Completado o expediente de contratación, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato..”

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “ A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2203 Baredo - E.P. Baiona-Loureira dende o P.Q. 1+660 ao P.Q. 2+550. Concello de Baiona*” cun orzamento base de licitación de 983.623,73€ IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	812.912,17 euros
IVE (21%).....	170.711,56 euros
Importe Total.....	983.623,73 euros

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): V2HJSSE6PKRSWUVB, e de prescricións técnicas con código (CSV) X710C1RJXALV4FP9, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 983.623,73 euros, con cargo ás aplicacións orzamentarias 26/456.4530.612.02.2024 e 26/456.4530.612.02.2025 do vixente orzamento provincial.



4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

10.36059.- SUSPENSIÓN EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS "MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-5005 DENDE O P.Q. 11+980 AO P.Q. 12+550 (CONCELLO DE CRECENTE)". (EXPTE. 2024057098)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 13/06/2025 acordou adxudicar á empresa NAROM, S.L., o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da mobilidade peonil na EP-5005 dende o P.Q. 11+980 ao P.Q. 12+550 (Concello de Crecente)”, por un importe de 222.537,24 € IVE incluído, e un prazo de execución de SEIS (6) MESES.

Resultando.- Que con data 03/07/2025 formalizouse entre a directora de obra e o contratista acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 03/01/2026.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de data 19 de decembro de 2025 acordou conceder á empresa NAROM, S.L. unha ampliación de prazo de 45 días, na execución do contrato de obras “Mellora da mobilidade peonil na EP-5005 dende o P.Q. 11+980 ao P.Q. 12+550 (Concello de Crecente)” establecendo coma data para finalizar a obra o día 17/02/2026.

Resultando.- Consta no expediente con CSV: 2C3WUSOJ8ILBQOZN, informe do xefe de Servizo de Contratación, que recolle o seguinte: “...*Polo recollido na xustificación dos motivos da suspensión efectuada pola directora de obra, dedúcese que non se pode estimar un prazo para continuar coa execución da obra, debido a que as condicións climatolóxicas adversas son incompatibles co tipo de traballos que se inclúen no proxecto desta obra. En base ó recollido pola directora de obra na acta de paralización, cumpriría autorizar a suspensión da execución deste contrato, en tanto non se dean as condicións climática axeitadas. Solventadas as incidencias, deberase formalizar un acta de reinicio das obras, quedando nese intre QUINCE (15) DÍAS para a finalización do prazo de execución...*”

Considerando.- Que o artigo 190 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), establece no seu primeiro parágrafo que “...*dentro dos límites e con suxección ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezga o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta...*”

Considerando.- Que o artigo 208.1 da LCSP establece que: “...*se a Administración acordase a suspensión do contrato o aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, extenderase unha acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel...*”

Considerando.- Que o artigo 103 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas recolle o seguinte: “1. *A acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da Lei, será firmada por un representante do órgano de contratación e o contratista (...).* 2. *No contrato de obras a acta a que se refire o apartado anterior será tamén firmada polo director de obra, debendo unirse á*



mesma como anexo, en relación coa parte ou partes suspendidas, a medición de obra executada e os materiais acopiados a pe de obra utilizables exclusivamente nas mesmas. Dito anexo deberá incorporarse no prazo máximo de dez días hábiles conforme á regra de cómputo establecida no apartado anterior, prorrogable excepcionalmente ata un mes, tendo en conta a complexidade dos traballos que inclúe...”

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Suspender a execución do contrato de obras “Mellora da mobilidade peonil na EP-5005 dende o P.Q. 11+980 ao P.Q. 12+550 (Concello de Crecente)” con efectos dende o 02/02/2026.

Solucionadas as causas que deron lugar á suspensión da execución desta obra, formalizarase entre o contratista e o director de obra acta de reinicio, quedando nese intre QUINCE (15) DÍAS, para finalizar a obra.

11.36060.- SUSPENSIÓN EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS "CONTRATO DERIVADO LOTE 3-2025 DO ACORDO MARCO DE OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA". (EXPTE. 2025043467)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 18 de xullo de 2025 acordou adxudicar o Contrato derivado LOTE 3-2025 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra” á empresa CONSTRUCCIONES FECHI SL (CIF B36258861) por importe de 636.298,74 € IVE incluído,. O prazo de execución do presente contrato será de SEIS (6) MESES, a contar dende a formalización da acta de comprobación de replanteo.

Resultando.- Que con 20/08/2025 formalizouse entre a directora de obra e o contratista, acta de comprobación de replanteo, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra o día 20/02/2026.

Resultando.- Que con data 26/01/2026, formalizouse entre a directora da obra e o contratista, acta de paralización total das obras, quedando nese intre VINTECINCO (25) DIAS, para a finalización do prazo de execución. Recolle a acta o seguinte: “...Debido ás choivas persistentes que imposibilitan o estendido de mesturas bituminosas en quente, vémonos obrigados a realizar a suspensión da obra ata que poidamos asegurar unhas condicións meteorolóxicas axeitadas que garantan a correcta execución dos traballos pendentes...”

Recole a acta de paralización unha porcentaxe de obra executada do 45,82 % e un importe pendente por executar de 344.732,82 euros.

Resultando.- Que con consta no expediente con CSV: JLUBR7PEXSSNU2F0 emitiu informe o xefe de Servizo de Contratación, recollendo o seguinte: “...Polo recollido na xustificación dos motivos da suspensión efectuada pola directora de obra, dedúcese que non se pode estimar un prazo para continuar coa execución da obra, debido a que as condicións climatolóxicas adversas son incompatibles co tipo de traballos que se inclúen no proxecto desta obra. En base ó recollido pola directora de obra na acta de paralización, cumpriría autorizar a suspensión da execución deste contrato, en tanto



non se dean as condicións climática axeitadas. Solventadas as incidencias, deberase formalizar un acta de reinicio das obras, quedando nese intre VINTECINCO (25) DÍAS, para a finalización do prazo de execución...”

Considerando.- Que o artigo 190 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), establece no seu primeiro parágrafo que *“...dentro dos límites e con suxección ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezga o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta...”*

Considerando.- Que o artigo 208.1 da LCSP establece que: *“...se a Administración acordase a suspensión do contrato o aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, estenderase unha acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel...”*

Considerando.- Que o artigo 103 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas recolle o seguinte: *“1. A acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da Lei, será firmada por un representante do órgano de contratación e o contratista (...). 2. No contrato de obras a acta a que se refire o apartado anterior será tamén firmada polo director de obra, debendo unirse á mesma como anexo, en relación coa parte ou partes suspendidas, a medición de obra executada e os materiais acopiados a pe de obra utilizables exclusivamente nas mesmas. Dito anexo deberá incorporarse no prazo máximo de dez días hábiles conforme á regra de cómputo establecida no apartado anterior, prorrogable excepcionalmente ata un mes, tendo en conta a complexidade dos traballos que inclúe...”*

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Suspender a execución do Contrato derivado LOTE 3-2025 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra” con efectos dende o 26/01/2026

Solucionadas as causas que deron lugar á suspensión da execución desta obra, formalizarase entre o contratista e o director de obra acta de reinicio, quedando nese intre VINTECINCO (25) DIAS para finalizar a obra.

12.36061.- SUSPENSIÓN EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS "CONTRATO DERIVADO LOTE 6-2025 DO ACORDO MARCO DE OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA". (EXPTE. 2025046934)

Resultando.- Que a xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 18 de xullo de 2025 acordou adxudicar á empresa NAROM, S.L., (CIF B36163418) o Contrato derivado LOTE 6-2025 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra” por importe unha vez ampliado o porcentaxe de baixa de 684.889,72 € IVE incluído. O prazo de execución do presente contrato será de SEIS (6) MESES, a contar dende a formalización da acta de comprobación de replanteo.



Resultando.- Que con 20/08/2025 formalizouse entre a directora de obra e o contratista, acta de comprobación de replanteo, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra o día 20/02/2026.

Resultando.- Que con data 02/02/2026, formalizouse entre a directora da obra e o contratista, acta de paralización total das obras, quedando nese intre DEZAOTO (18) DÍAS, para a finalización do prazo de execución. Recolle a acta o seguinte: “...Debido ás choivas persistentes que imposibilitan o estendido de mesturas bituminosas en quente, vémonos obrigados a realizar a suspensión da obra ata que poidamos asegurar unhas condicións meteorolóxicas axeitadas que garantan a correcta execución dos traballos pendentes...”

Recolle a acta de paralización unha porcentaxe de obra executada do 67,96 % e un importe pendente por executar de 219.456,99 euros.

Resultando.- Que con consta no expediente con CSV: SP3BM4EPF7O6I0LU emitiu informe o xefe de Servizo de Contratación, recollendo o seguinte: “...*Polo recollido na xustificación dos motivos da suspensión efectuada pola directora de obra, dedúcese que non se pode estimar un prazo para continuar coa execución da obra, debido a que as condicións climatolóxicas adversas son incompatibles co tipo de traballos que se inclúen no proxecto desta obra. En base ó recollido pola directora de obra na acta de paralización, cumpriría autorizar a suspensión da execución deste contrato, en tanto non se dean as condicións climática axeitadas. Solventadas as incidencias, deberase formalizar un acta de reinicio das obras, quedando nese intre DEZAOTO (18) DÍAS, para a finalización do prazo de execución...*”

Considerando.- Que o artigo 190 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), establece no seu primeiro parágrafo que “...*dentro dos límites e con suxección ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezga o seu cumprimento, modifícalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta...*”

Considerando.- Que o artigo 208.1 da LCSP establece que: “...*se a Administración acordase a suspensión do contrato o aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, extenderase unha acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel...*”

Considerando.- Que o artigo 103 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas recolle o seguinte: “1. *A acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da Lei, será firmada por un representante do órgano de contratación e o contratista (...).* 2. *No contrato de obras a acta a que se refire o apartado anterior será tamén firmada polo director de obra, debendo unirse á mesma como anexo, en relación coa parte ou partes suspendidas, a medición de obra executada e os materiais acopiados a pe de obra utilizables exclusivamente nas mesmas. Dito anexo deberá incorporarse no prazo*



máximo de dez días hábiles conforme á regra de cómputo establecida no apartado anterior, prorrogable excepcionalmente ata un mes, tendo en conta a complexidade dos traballos que inclúe...”

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Suspender a execución do Contrato derivado LOTE 6-2025 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra” con efectos dende o 02/02/2026

Solucionadas as causas que deron lugar á suspensión da execución desta obra, formalizarase entre o contratista e o director de obra acta de reinicio, quedando nese intre DEZA OITO (18) DIAS para finalizar a obra.

13.36062.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPOS INFORMÁTICOS E LICENZAS DE SOFTWARE PARA REFORZAR O SISTEMA DE XESTIÓN TRIBUTARIA DA DEPUTACIÓN. (EXPTE. 2025070269)

Vista a proposta de adxudicación acordada pola Mesa de Contratación, na súa sesión do día 22/01/2026, respecto ao procedemento aberto simplificado seguido para a contratación da “Subministración de equipos informáticos e licenzas de software para reforzar o sistema de xestión tributaria da Deputación de Pontevedra” (Certificado da Mesa de Contratación de apertura dos sobres únicos, co CSV nº 2X1CSGMILJULS1BP)

Resultando que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 26 de decembro de 2025, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da “Subministración de equipos informáticos e licenzas de software para reforzar o sistema de xestión tributaria da Deputación de Pontevedra”, cun orzamento base de licitación de 160.982,03€, e cos seguintes lotes:

Lote	Denominación	Orzamento base de licitación
1	Equipos de escaneado para posta de usuario Citrix	72.600,00€
2	Tabletas para firma electrónica	65.815,53€
3	Software de firma electrónica para o sistema SIT-GTI	22.566,50€



Resultando que o procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 02/01/2026. Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Resultando que a Mesa de Contratación, na súa sesión de data 22/01/2026, procedeu á apertura dos sobres únicos, correspondentes coa documentación administrativa e ofertas avaliables mediante criterios automáticos, e a continuación efectuouse a ponderación dos valores ofertados correspondentes aos criterios de valoración automática, de conformidade coas fórmulas recollidas no prego.

Resultando que, na mesma sesión, a Mesa de Contratación acordou: aprobar a clasificación final das ofertas presentadas polos licitadores; propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do contrato dacordo coa seguinte distribución por lotes: o lote 1 ó licitador INFORHOUSE S.L.; e o lote 3 ó licitador PEAKWAY, S.L.; que acadan a mellor puntuación nos respectivos lotes, quedando deserto o LOTE 2, e facultou ao secretario da mesma para que procedera a requirirle, mediante comunicación electrónica, para que presentaran o resto da documentación esixida, de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Resultando que o persoal técnico do servizo de Contratación, con data 23/01/2026, comprobou que as empresas atópanse inscritas no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado e no Rexistro Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia. Os certificados de inscrición acreditan, a tenor do neles reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación e demais circunstancias inscritas. Ademais, compróbase a traves do sistema de intermediación de datos que atópanse ó corrente de pagos coa AEAT e coa Seguridade Social, e de alta no IAE, así como a non concorrencia de prohibicións de contratar.

Resultando que, con data 23/01/2026, o Secretario da Mesa de Contratación require a ambas empresas para que, dentro do prazo de 7 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que recibisen o requirimento, presenten a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP (REX_NOT2026001552 e REX_NOT2026001554)

Resultando que as empresas presentaron a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (REX_WEB2026004750, de data 26/01/2026; e REX_WEB2026005092, de data 27/01/2026) cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución das garantías definitivas polos importes de 1.328,75 €, para o Lote 1 (carta de pago nº12026000019383, de data 28/01/2026) e 932,50 €, para o Lote 3 (carta de pago nº12026000019407, de data 27/01/2026)

Resultando que, con data 02/02/2026, o servizo de Novas Tecnoloxías emite informe no que solicita a suspensión do Lote 3 (Software de firma electrónica para o sistema SIT-GTI) mentres non se adxudique o lote 2 (Tabletas para firma electrónica) xa que a súa execución debe ser simultánea (CSV: OT8X1CHUHWKRMWN)



Considerando os artigos 150 e 151 da LCSP, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Declarar deserto o LOTE 2 (Tabletas para firma electrónica), do contrato de “*subministración de equipos informáticos e licenzas de software para reforzar o sistema de xestión tributaria da deputación de pontevedra*”, pola ausencia de ofertas presentadas.
2. Adxudicar o contrato de “*subministración de equipos informáticos e licenzas de software para reforzar o sistema de xestión tributaria da deputación de pontevedra*”, dacordo coa seguinte distribución por Lotes e polos seguintes prezos e valores ofertados:

LOTE 1 - Equipos de escaneado para posta de usuario Citrix

INFORHOUSE S.L. (B36112803)

Prezo sen IVE	26.575,00 €
IVE (21%)	5.580,75 €
Prezo total con IVE	31.155,75 €

LOTE 3 – Software de firma electrónica para o sistema SIT-GTT

PEAKWAY, S.L. (B66460338)

Prezo sen IVE	18.650,00 €
IVE (21%)	3.916,50 €
Prezo total con IVE	22.566,50 €



Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias do vixente orzamento provincial:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2026	932.9320.626.01.2024	31.155,75 €
2026	932.9320.206.00.2025	22.566,50 €
TOTAL		53.722,25 €

Forma de pagamento: TOTAL

Fitos de facturación:

Para os lote 1 e 2: o pago á empresa adxudicataria realizarase contra a presentación da correspondente factura, unha vez asinada a acta de recepción favorable.

Para o lote 3: o pago á empresa adxudicataria realizarase contra a presentación da correspondente factura anual, ao inicio da anualidade, previa sinatura da acta de recepción favorable.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 P3600000H)	(CIF:	Núm. de exp.:	2025070269	
Órgano xestor:	LA0006132	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: Marta Parada Lorenzo, xefa do servizo de Novas Tecnoloxías.



3. Suspender a execución do LOTE 3 (Software de firma electrónica para o sistema SIT-GTT), en base ó informe emito polo servizo de Novas Tecnoloxías (CSV: OT8X1CHUHWKRMWN)
4. A empresa adxudataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

14.36063.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN, SOPORTE E MANTEMENTO DO SISTEMA DE IMPRESIÓN PARA A IMPRENTA PROVINCIAL DA DEPUTACIÓN. (EXPTE.2025025952)

Resultando: Que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 12 de decembro de 2025, acordou deixar sen efecto e anular o acordo de adxudicación, de data 24 de outubro de 2025, en execución da resolución núm. 238/2025 do TACGAL; e retrotraer as actuacións ao momento anterior á valoración dos criterios de adxudicación de carácter automático para efectuar unha nova valoración, de forma máis completa, precisa e inequívoca en relación ao cumprimento dos pregos.

Resultando: Que en execución do anterior, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 18 de decembro de 2025, acordou solicitar aclaración á empresa CANON ESPAÑA, S.A.U. de se a solución ofertada no Lote nº 1 cumpre o requisito/umbral de consumo establecido no criterio de adxudicación «consumo eléctrico do equipo en funcionamento é inferior a 2.500W», a cal efectuouse mediante Resolución Presidencial nº 2025010382, de data 19 de decembro de 2025 (registro de saída nº NOT2025033019), sendo contestada con data 29 de decembro de 2025 (registro de entrada nº WEB2025087442).

Resultando: Que con data 20 de xaneiro de 2025, a xefa de Novas Tecnoloxías emitiu informe técnico (CSV: QP3PB87XP9UT9WJO), no que conclúe:

“Dada la vista del criterio de adjudicación 4.4 del PCAP (“Si el consumo eléctrico del equipo en funcionamiento es inferior a 2.500 W”) y de la aclaración publicada en PLACE, el debate se centra en determinar qué debe entenderse por “equipo en funcionamiento” considerando que el alcance de la configuración y puesta en funcionamiento del objeto del contrato está expresado en el PCA y PPT como ya se explicó en el cuerpo del informe.

La Mesa de Contratación requirió expresamente a CANON la confirmación y la acreditación documental objetiva del cumplimiento del umbral para la “solución ofertada... (equipo(s) y configuración conjunta con todos los elementos ofertados)”, identificando el modelo y la configuración, los valores de consumo, el método empleado y la documentación soporte verificable.



CANON contesta ratificándose e indicando un consumo en funcionamento de 2.426 W según su Eco-declaración, sosteniendo además que el pliego se refiere al "consumo del equipo" sin exigir integrar accesorios; no ratifica sin lugar a dudas que la solución ofertada, con el conjunto de componentes ofertados, sea inferior a 2.500 W, ni aporta en el propio escrito el detalle de la configuración completa ni el método de determinación aplicado al conjunto.

Dado que CANON únicamente hace referencia a un consumo de 2.426 W asociado al "equipo", sin identificar de manera inequívoca que ese valor corresponda a la solución ofertada en su configuración conjunta con todos los elementos incluidos, puede inferirse razonablemente que, si 2.426 W fuese el consumo de una parte del sistema, el consumo del conjunto podría superar el umbral de 2.500 W; en consecuencia, con la documentación examinada, no queda plenamente aclarado ni acreditado de manera objetiva y comprobable (en los términos del requerimiento) que el consumo eléctrico de la solución ofertada en funcionamiento sea inferior a 2.500 W y, por tanto, se considera que no procede otorgar los 3 puntos asignados a este criterio de adjudicación."

Resultando: Que a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 22 de xaneiro de 2026, prestou conformidade ao referido informe do servizo de Novas Tecnoloxías e, en base ao mesmo, acordou deixar sen efecto o informe de puntuacións, de data 29 de setembro de 2025 (CSV: 9SEVG6BL5JIP2I58); e propor ao órgano de contratación á adxudicación do contrato, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación a tenor do artigo 150.2 LCSP, conforme á clasificación aprobada en base ás novas puntuacións, de data 21 de xaneiro de 2026 (CSV: Y9CCSLFJO956O4AE), á empresa Solitium, S.L. (CIF: B50570571), proposta como adxudicataria do Lote nº 1 e do Lote nº 2, polos prezos e valores ofertados.

A Mesa de Contratación sinala que a empresa Solitium, S.L. (CIF: B50570571) presentou a través de sede electrónica, con data 15 de outubro de 2025, a documentación correspondente ao Lote nº 2. Asemade, consta no expediente constitución de garantía definitiva, correspondente ao referido lote, polo importe de 647,50 euros (carta de pago núm. operación 12025000190804, do 15 de outubro do 2025). Por outra banda, o cumprimento dos requisitos de capacidade e solvencia para resultar como adxudicataria do Lote nº1 foron acreditados coa documentación que obra no expediente.

Resultando: Que mediante Resolución Presidencial número RP2026000757, de data 29 de xaneiro de 2026, o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa Solitium, S.L. (CIF: B50570571), que presentan a mellor oferta nos Lotes nº 1 e 2, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

Resultando: Que Solitium, S.L. (CIF: B50570571) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2026005950, de data 30 de xaneiro de 2026), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, e quedando constituída garantía definitiva, por importe de 4.156,75 € (carta de pago nº 12026000022273, de data 30 de xaneiro de 2026).

Considerando: As regras establecidas no título primeiro do Libro Segundo da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, relativas á adxudicación dos contratos administrativos convocados mediante procedemento aberto.



Considerando.- Todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar os lotes nº 1 e 2 do contrato de *"subministración, soporte e mantemento do sistema de impresión para a imprenta provincial da Deputación de Pontevedra"* á empresa Solitium, S.L. (CIF: B50570571) polos prezos e valores ofertados, conforme ao seguinte detalle:

Lote nº 1: Novo equipo de impresión dixital profesional:

Cota fixa mensual do servizo:

	Prezo MENSUALIDADE	Prezo 2 ANUALIDADES
Importe sen o IVE:	3.463,95 €	83.134,90 €
IVE (21 %):	727,43 €	17.458,33 €
Importe total ofertado:	4.191,38 €	100.593,23 €

Prezo unitario de referencia para as copias:

	Prezo unitario, sen IVE	Prezo unitario, con IVE
Copia a cor	0,017500 €	0,021175 €
Copia en b/n	0,000001 €	0,00000121 €

Melloras nas características funcionais dos equipos:

- O equipo permite impresión automática a dobre cara ata 1.300 mm: ☒ SÍ ☐ NON
- Velocidade de impresión >=120 ppm A4 a 450 gr: ☒ SÍ ☐ NON
- O equipo admite un ancho mínimo do papel inferior a 100 mm: ☒ SÍ ☐ NON
- O consumo eléctrico do equipo en funcionamento é inferior a 2.500w: ☐ SÍ ☒ NON
- O equipo dispón dunha zona de arrefriado con ventilación específica para iso despois da fixación: ☒ SÍ ☐ NON
- O equipo dispón dunha zona específica de bandas para minimizar a estática: ☒ SÍ ☐ NON



- O equipo dispón de tecnoloxía de impresión con densitómetros en liña que midan ao 20%, 40%, 60%, 80%, 100%: ☒ SÍ ☐ NON

Lote nº 2: Ricoh Pro C7100:

Cota fixa mensual do servizo:

	Prezo MENSUALIDADE	Prezo 2 ANUALIDADES
Importe sen o IVE:	539,58 €	12.950,00 €
IVE (21 %):	113,31 €	2.719,50 €
Importe total ofertado:	652,90 €	15.669,50 €

Prezo unitario de referencia para as copias:

	Prezo unitario, sen IVE	Prezo unitario, con IVE
Copia a cor	0,034900 €	0,042229 €
Copia en b/n	0,0069000 €	0,008349 €

Prazo de duración (Lotes nº 1 e 2) e de execución (Lote nº 1):

O prazo de duración do contrato en ambos lotes fíxase en (2) dous anos, a contar desde a data de formalización do contrato.

No caso do lote 1, contéplase un prazo máximo de subministro e implantación do equipamento de 45 días naturais, a contar dende a data de formalización do contrato, iniciándose o período de facturación do mesmo unha vez asinada a acta de recepción favorable ata o cumprimento dos (2) dous anos. Polo tanto, no caso de efectuar a subministración referida no prazo máximo (45 días naturais), o período de facturación sería de 22 meses e medio.

Contéplanse 1 prórroga de (2) dous anos de duración.

Tempo e lugar de entrega (subministración do novo equipo de impresión Lote nº 1):

O novo equipo de impresión dixital profesional será instalado na Imprenta Provincial, sita no Centro Infantil Príncipe Felipe (Avda. De Montecelo, s/n), no prazo máximo de 45 días naturais, a contar dende a data de formalización do contrato. A recepción do equipamento realizarse no seguinte horario: de luns a venres de 8:00h a 15:00 h.



Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

	Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
LOTE 1	2025	25/926.9260.206.00 (lote 1)	25.148,31 €
	2026	26/926.9260.206.00 (lote 1)	50.296,61 €
	2027 (6 meses)	27/926.9260.206.00 (lote 1)	25.148,31 €
	TOTAL LOTE 1		100.593,23 €
LOTE 2	2025	25/926.9260. 227.09 (lote 2)	3.917,37 €
	2026	26/926.9260. 227.09 (lote 2)	7.834,76 €
	2027 (6 meses)	27/926.9260. 227.09 (lote 2)	3.917,37 €
	TOTAL LOTE 2		15.669,50 €

En todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato para o ano 2027 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria así como á aprobación do respectivo orzamento provincial.

O cadro de financiamento previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data na que se formalice e inicie o contrato.

Responsable do contrato: xefa do servizo de Novas Tecnoloxías ou persoa en quen delegue.

A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

2.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída por aval bancario de Bankinter, S.A. pola empresa CANON ESPAÑA, S.A.U. (NIF: A28122125), correspondente ao Lote nº 1, por importe de 2.517,96 €, que foi depositada na Tesourería Provincial con data 15 de outubro de 2025, segundo mandamento de ingreso con número de operación 12025000190808, número R.E.A: 0621960.



15.36064.- APROBACIÓN DA SEGUNDA PRÓRROGA DO CONTRATO FORMALIZADO COA EMPRESA NOROESTE LOCAL S.L., QUE REXE O SERVIZO DE COLABORACIÓN TÉCNICA E ADMINISTRATIVA EN TAREFAS DERIVADAS DA INSPECCIÓN DE TRIBUTOS LOCAIS DELEGADA NA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA-ORAL. (EXPTE.2022053659)

Na sesión ordinaria do día 03 de febreiro de 2023, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato de “*Servizo de colaboración técnica e administrativa en tarefas derivadas da inspección de tributos locais delegada na Deputación de Pontevedra-ORAL*” á empresa NOROESTE LOCAL SL (NIF: B36555027), polos prezos unitarios e valores reflexados no citado acordo.

O contrato formalizouse en documento administrativo, de data 20 de marzo de 2023, sendo o prazo de duración de dous anos desde a data de formalización do contrato, con posibilidade de dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

Con data 09 de xaneiro de 2026, a responsable do contrato emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período dun ano, con efectos dende o 20 de marzo do 2026 ata o 19 de marzo do 2027.

Resultando que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “*A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatoria o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes*”.

Resultando que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 08 de outubro de 2025 (data de comparecencia: 08/10/2025), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 09 de xaneiro do 2026, a Intervención emitiu documento de retención de crédito con número de operación 12026000011740, polo importe de 129.235,62 euros, con cargo á vinculación da aplicación orzamentaria 26/932.9320.227.60, e documento de retención de crédito para exercicios futuros con número de operación 12026000011756, polo importe de 35.972,79 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 27/932.9320.227.60, para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato durante o ano 2026 e 2027.



De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 03 de febreiro do 2026 (CSV: NUMGCXFBZRCQDBB), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe da responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de primeira prórroga do contrato de “Servizo de colaboración técnica e administrativa en tarefas derivadas da inspección de tributos locais delegada na Deputación de Pontevedra-ORAL” por un ano, desde o 20 de marzo do 2026 ata o 19 de marzo do 2027.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 20 de marzo do 2026.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.2 a),

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a segunda prórroga do contrato para a prestación do “Servizo de colaboración técnica e administrativa en tarefas derivadas da inspección de tributos locais delegada na Deputación de Pontevedra-ORAL” subscrito coa empresa NOROESTE LOCAL SL (NIF: B36555027), durante o período desde o 20 de marzo do 2026 ata o 19 de marzo do 2027, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2026	26/932.9320.227.60	129.235,62 €
2027	27/932.9320.227.60	35.972,79 €

O importes do gasto correspondente á anualidade 2027 quedará condicionado á aprobación do orzamento do respectivo exercicio e á existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.



16.36065.- APROBACIÓN DA SEGUNDA PRÓRROGA DO CONTRATO QUE REXE O SERVIZO PARA A EXECUCIÓN DO CONTROL DE CALIDADE DAS OBRAS CONTRATADAS POLA DEPUTACIÓN. (EXPTE. 2023010892)

Na sesión ordinaria do día 12 de xaneiro de 2024, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o “*Servizo para a execución do control de calidade das obras contratadas pola Deputación de Pontevedra*”, de acordo co detalle reflexado no citado acordo, ás seguintes empresas:

- Lote 1 – Zona Norte: GALAICONTROL, S.L. (NIF: B36651487)
- Lote 2 – Zona Centro: EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA, S.L. (NIF: B85097962)
- Lote 3 – Zona Sur: GALAICONTROL, S.L. (NIF: B36651487)
- Lote 4 – Actuacións en edificacións, construcións ou instalación: CYE CONTROL Y ESTUDIOS, S.L. (NIF: B15393689)

Os contratos de cada un dos lotes formalizáronse en documentos administrativos, de data 22 de febreiro de 2024, sendo o prazo de duración dun ano desde a data da súa formalización, con posibilidade de tres prórrogas dun ano de duración cada unha.

Con data 18 de decembro de 2025 e data 04 de febreiro de 2025, os responsables do contrato emiten informes no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período dun ano, con efectos dende o 22 de febreiro do 2026 ata o 21 de febreiro do 2027.

Resultando que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “*A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes*”.

Resultando que se formularon os preavisos de prórroga do contrato en data 18 de decembro de 2025 e 22 de decembro de 2025, e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que o contrato se financiará con cargo á aplicación orzamentaria que corresponda dentro do proxecto de gasto da respectiva obra.



De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 09 de febreiro do 2025 (CSV: NMYTUKDLVWBG3ZC6), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, dos informes dos responsables do contrato, infórmase favorablemente a proposta da segunda prórroga do “Servizo para a execución do control de calidade das obras contratadas pola Deputación de Pontevedra” por un ano, desde o 22 de febreiro do 2026 ao 21 de febreiro do 2027.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 22 de febreiro do 2026..”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.2 a),

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a segunda prórroga do “Servizo para a execución do control de calidade das obras contratadas pola Deputación de Pontevedra” subscrito para o lote 1 e 3 coa empresa GALAICONTROL, S.L. (NIF: B36651487), para o lote 2 coa empresa EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA, S.L. (NIF: B85097962) e para o lote 4 coa empresa CYE CONTROL Y ESTUDIOS, S.L. (NIF: B15393689), durante o período desde o 22 de febreiro do 2026 ata o 21 de febreiro do 2027, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

As obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria que corresponda dentro do proxecto de gasto da respectiva obra.

17.36066.- ADMISIÓN DA EMPRESA BLINKER ESPAÑA, S.A.U. NO SISTEMA DINÁMICO DE ADQUISICIÓN DE VESTIARIO PARA O PERSOAL DA DEPUTACIÓN. (EXPTE. 2023051458)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do 1 de decembro de 2023, aprobou o expediente para a implantación dun Sistema Dinámico de Adquisición (SDA) de vestuario para o persoal da Deputación de Pontevedra.

O anuncio de licitación foi enviado á Oficina de publicacións da Unión Europea, e publicado no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 20 de decembro de 2023, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas particulares, concedendo un prazo de 30 días naturais desde o envío á Oficina de publicacións da Unión Europea para a presentación inicial de solicitudes de adhesión, a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL.



Conforme ó prego, unha vez finalizado este prazo, comezará o de avaliación das candidaturas, no que a Mesa de Contratación seleccionará os licitadores en base ao cumprimento dos criterios establecidos nos pregos, sendo admitidos todos os solicitantes que cumpran cos criterios de capacidade e solvencia esixidos no prego.

Finalizada a avaliación confeccionarase a lista inicial de licitadores admitidos, aos que o órgano de contratación convidará a presentar oferta para a primeira contratación específica cando xurda a necesidade.

Na sesión ordinaria do 16 de febreiro de 2024, a Xunta de Goberno acordou admitir as seguintes empresas nas distintas categorías do sistema dinámico:

Categoría I: Vestiario laboral e equipos de protección individual.

- Ankara City Tres, S. L. (NIF: B85679884)
- Blinker, S.A.U. (NIF: A03813474)
- Comercial Integral Especialistas Suministros, S.L. (NIF: B36916377)
- Costa Oeste del Atlantico, S.L. (NIF: B36946002)
- Dress-Work, S.L.U. (NIF: B97359988)
- Eugenio Ales Llamas, S.A. (NIF: A41028820)
- Peycar Pontevedra, S.L. (NIF: B36112043)
- Rafitextil Dtt 3.8 Sl (NIF: B14546980)
- Suministros Punto Fijo S.L. (NIF: B27815539)
- Würth España, S.A. (NIF: A08472276)
- Ebos Ramon Agolada S.L. (NIF: B27469741)
- Gsi Dotacion Industrial, S.L. (NIF: B36352235)
- Suministros Industriales Incomer Sl (NIF: B87442570)

Categoría II: Uniformidades e complementos

- Ankara City Tres, S. L. (NIF: B85679884)
- Blinker, S.A.U. (NIF: A03813474)
- Costa Oeste del Atlantico, S.L. (NIF: B36946002)
- Dress-Work, S.L.U. (NIF: B97359988)
- Eugenio Ales Llamas, S.A. (NIF: A41028820)
- Rafitextil Dtt 3.8 Sl (NIF: B14546980)
- Suministros Punto Fijo S.L. (NIF: B27815539)
- Suministros Industriales Incomer SL (NIF: B87442570)

A Xunta de Goberno declarou o abandono do SDA das seguintes empresas:

- Na sesión do día 21 de xuño de 2024:
 - Ankara City Tres, S. L. (NIF: B85679884)
 - Comercial Integral Especialistas Suministros, S.L. (NIF: B36916377)



- Costa Oeste del Atlántico, S.L. (NIF: B36946002)
- Würth España, S.A. (NIF: A08472276)
- Na sesión do día 06 de setembro de 2024:
 - Blinker, S.A.U. (NIF: A03813474)
 - Dress-Work, S.L.U. (NIF: B97359988)
 - Rafitextil Dtt 3.8 SL (NIF: B14546980)
 - Suministros Industriales Incomer SL (NIF: B87442570)
- Na sesión do día 02 de maio de 2025:
 - Ebos Ramon Agolada S.L. (NIF: B27469741)
- Na sesión do 30 de maio de 2025:
 - Suministros Punto Fijo S.L. (NIF: B27815539)
- Na sesión do día 26 de decembro de 2025:
 - Gsi Dotacion Industrial, S.L. (NIF: B36352235)

Así mesmo, o citado órgano de contratación acordou, na sesión celebrada o día 10 de outubro de 2025, admitir á empresa Ebos Ramon Agolada S.L. (NIF: B27469741) na Categoría I (Vestuario laboral e equipos de protección individual) deste Sistema Dinámico de Adquisición

Ao tratarse dun SDA no que as novas empresas poderán solicitar a súa inclusión no mesmo, así como darse de baixa, cando o teñan por convinte, as novas incorporación no sistema avaliaranse na primeira mesa de contratación que se celebre no mes seguinte á presentación da solicitude de participación.

Resultando que a mesa de Contratación, na reunión celebrada día 5 de febreiro de 2026, procedeu á avaliación da candidatura presentada novamente pola empresa Blinker España, S.A.U. (NIF: A-03813474), e acordou seleccionar á citada empresa por ter acreditado que cumpre cos criterios de selección establecidos no prego, e propoñerlle ao órgano de contratación a admisión da mesma nas categorías I e II do Sistema Dinámico de Adquisición de vestuario para o persoal da Deputación de Pontevedra.

Considerando que o artigo 225.4 da LCSP sinala que os órganos de contratación informarán o antes posible á empresa que solicitou adherirse ao sistema dinámico de adquisición de si foi admitida ou non.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Admitir á empresa Blinker España, S.A.U. (NIF: A-03813474) na Categoría I (Vestuario laboral e equipos de protección individual) e na Categoría II (Uniformidades e complementos) do Sistema Dinámico de Adquisición de vestuario para o persoal da Deputación de Pontevedra.

A empresa admitida deberá formalizar o acordo de admisión ao sistema en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que



recíbise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

O inicio do SDA comezará tras a finalización da primeira selección, unha vez publicado este acordo no perfil de contratante e formalizado o contrato de adhesión.

A data de comezo indicárase no documento de formalización e estará en vigor ata o 31 de marzo de 2026.

Unha vez aceptada a proposta anterior, a lista de licitadores admitidos neste sistema dinámico quedará integrada polas seguintes empresas:

Categoría I: Vestiario laboral e equipos de protección individual.

- Eugenio Ales Llamas, S.A. (NIF: A41028820)
- Peycar Pontevedra, S.L. (NIF: B36112043)
- Ebos Ramon Agolada S.L. (NIF: B27469741)
- Blinker España, S.A.U. (NIF: A-03813474)

Categoría II: Uniformidades e complementos

- Eugenio Ales Llamas, S.A. (NIF: A41028820)
- Blinker España, S.A.U. (NIF: A-03813474)

18.36067.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA, COSTRUCCIONES FECH, S.L., PARA RESPONDER DO CONTRATO DERIVADO (LOTE 5. ZONA E2) DO ACORDO MARCO OBRAS DE "CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2022". (EXPTE. 2022017782) (DEVOGARAN 2025078469)

Por acordo número 2.7524 adoptado polo Pleno da Corporación Provincial, celebrado na súa sesión ordinaria, de data 27 de novembro de 2020 (CSV.- IFPP5527FXC4T371), acordouse, entre outros asuntos, a “Aprobación do expediente de contratación para a conclusión, mediante procedemento aberto, dun acordo marco que regule a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra para o ano 2021”. (Núm. Exp. 2020022322)

Dentro deste procedemento aberto e a través do acordo da Xunta de Goberno, número 22.31692, celebrada na súa sesión ordinaria de data 06 de maio de 2022 (CSV.- DOC4ED3ZG3WDCSV6), aprobouse a adxudicación do “Contrato Derivado do lote 5, da zona E2 do Acordo Marco que regule as <Obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra>”. (Exppte.- 2022017782)



Para garantir a correcta execución deste contrato, a entidade mercantil *Construcciones Fechi, S.L.*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, que foi o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. (B-36.258.861)	29.878,40€	202200109053	24/05/2022

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV.- MMI4T3Q4FUTPFRKE), no cal sinala que “(...), *Realizada visita a obra, e confirmada a súa execución acorde ás necesidades que a motivaron, informase que non existen obras e/ou revisións de prezos pendentes a maiores das xa certificadas polo director de obra na certificación Final, nin tampouco reclamacións pola calidade da obra contra o contratista, polo que pode procederse a liquidación da obra sen variación económica.*

En base ao anteriormente exposto e considerando que se cumpriu o período de garantía ofertado de 36 meses dende a recepción das obras en data 27/01/2023, procede a devolución da fianza definitiva constituída polo contratista polo 5% do prezo de adxudicación sen IVE, por importe de vinte e nove mil oitocentos setenta e oito euros con corenta céntimos (29.878,40 €), segundo consta na carta de pagamento núm. 202200109053 de data 24/05/2022. (...).

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- VJ1PL9QYDTRMK8FQ), no cal indica que existen na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. (B-36.258.861), dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Contrato Derivado do lote 5, da zona E2 do Acordo Marco que regule as <Obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra>*” (Núm. Expte. 2022017782), sen que existan obrigas pendentes.

- Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. (B-36.258.861), por resultar adxudicataria de dito contrato e que foi a seguinte:

- o A constituída, mediante aval emitido pola entidade GENERALI ESPAÑA, S.A., de seguros y reaseguros (NIF A-28.007.268) “*Certificado de Seguro de Caución nº 2N-G-515.003.288*”, por importe de



vinte e nove mil oitocentos setenta e oito euros con corenta céntimos (29.878,40 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 24/05/2022, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000030615 (*Número de Carta de Pago 202200109053*).

19.36068.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA, RADIO PONTEVEDRA, S.A., PARA RESPONDER DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO "SERVIZO DE COBERTURA PUBLICITARIA CON RADIO PONTEVEDRA, S.A. (A-36.005.346), DE TODAS AS ACCIÓNS DESENVOLVIDAS POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A ANUALIDADE 2025". (EXPTE. 2024070453) (DEVOGARAN 2026003590)

Por acordo número 18.34609, adoptado pola Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria, de data 31 de xaneiro de 2025 (CSV.- F4Q8TCKBYVB62D3E), adxudicouse, mediante procedemento negociado, sen publicidade e exclusividade, o contrato de "*Servizos publicitarios con Radio Pontevedra, S.A., para a anualidade 2025*". (Núm. Expte. 2024070453)

Para garantir a correcta execución deste contrato, a entidade mercantil *Radio Pontevedra, S.A.*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, que foi o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
RADIO PONTEVEDRA, S.A. (A-36.005.346)	5.578,51€	202500016759	24/01/2025

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Comunicación Institucional (CSV.- F4AUI1C6V0L17MYO), no cal sinala que "(...) *Unha vez transcorrido o prazo de garantía legalmente establecido, informo que a empresa adxudicataria, RADIO PONTEVEDRA, S.A. (A-36.005.346), cumpriu satisfactoriamente o obxecto do contrato sen resultar responsabilidades contra dita empresa, polo que solicito se devolva a fianza depositada por importe de 5.578,51€. (...)*

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- K6UMQHF7TNJ8IZSM), no cal indica que existen na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil RADIO PONTEVEDRA, S.A. (A-36.005.346), dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: "Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución".



A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Servizos publicitarios con Radio Pontevedra, S.A., para a anualidade 2025*” (Núm. Expte. 2024070453), sen que existan obrigas pendentes.
- Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil RADIO PONTEVEDRA, S.A. (A-36.005.346), por resultar adxudicataria de dito contrato e que foi a seguinte:
 - o A constituída en metálico, por importe de cinco mil cincocentos setenta e oito euros con cincuenta e un céntimos (5.578,51 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 24/01/2025, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000033647 (*Número de Carta de Pago 202500016759*).

20.36069.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA, RADIO VIGO, S.A.U., PARA RESPONDER DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO "SERVIZO DE COBERTURA PUBLICITARIA CON RADIO VIGO, S.A.U. (A-36.005.346), DE TODAS AS ACCIÓNS DESENVOLVIDAS POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A ANUALIDADE 2025". (EXPTE. 2024072775) (DEVOGARAN 2026003599)

Por acordo número 27.34580, adoptado pola Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria, de data 24 de xaneiro de 2025 (CSV.- 43SQXIUPWIU1899P), adxudicouse, mediante procedemento negociado, sen publicidade e exclusividade, o contrato de “*Servizos publicitarios con Radio Vigo, S.A.U., para a anualidade 2025*”. (Núm. Expte. 2024072775)

Para garantir a correcta execución deste contrato, a entidade mercantil *Radio Vigo, S.A.U.*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, que foi o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
RADIO VIGO, S.A.U. (A-36.612.414)	5.165,29€	202500008558	08/01/2025



Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Comunicación Institucional (CSV.- BC41F5TQ7LD0RCDQ), no cal sinala que “(...) *Por tal motivo, informo que a empresa adxudicataria RADIO VIGO, S.A.U. (A-36.612.414), cumpriu satisfactoriamente o obxecto do contrato sen resultar responsabilidades contra dita empresa, polo que solicito se devolva a fianza depositada por importe de 5.165,29 euros.(...).*

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- LN3JLX6WCT812B1I), no cal indica que existen na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil RADIO VIGO, S.A.U. (A-36.612.414), dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Servizos publicitarios con Radio Vigo, S.A.U., para a anualidade 2025*” (Núm. Expte. 2024072775), sen que existan obrigas pendentes.
- Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil RADIO VIGO, S.A.U. (A-36.612.414), por resultar adxudicataria de dito contrato e que foi a seguinte:
 - o A constituída en metálico, por importe de cinco mil cento sesenta e cinco euros con vinte e nove céntimos (5.165,29 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 08/01/2025, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000033632 (*Número de Carta de Pago 202500008558*).

21.36070.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA, FARO DE VIGO, S.A.U., PARA RESPONDER DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO " SERVICIO DE COBERTURA PUBLICITARIA CON FARO DE VIGO, S.A.U. DE TODAS AS ACCÍONS DESENVOLVIDAS POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A ANUALIDADE 2025". (EXPT. 2024070513) (DEVOGARAN 2026003592)

Por acordo número 24.34577, adoptado pola Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria, de data 24 de xaneiro de 2025 (CSV.- 5BB9AWK56XRENEW), adxudicouse, mediante procedemento negociado, sen publicidade e exclusividade, o contrato de “*Servizos publicitarios con Faro de Vigo, S.A.U., para a anualidade 2025*”. (Núm. Expte. 2024070513)



Para garantir a correcta execución deste contrato, a entidade mercantil *Faro de Vigo, S.A.U.*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, que foi o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
FARO DE VIGO, S.A.U. (A-36.600.815)	11.652,89€	202500012347	17/01/2025

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Comunicación Institucional (CSV.- MS07216VVSJWBE0K), no cal sinala que “(...) *Unha vez transcorrido o prazo de garantía legalmente establecido informo que a empresa adxudicataria FARO DE VIGO, S.A.U. (A-36.600.815), cumpriu satisfactoriamente o obxecto do contrato sen resultar responsabilidades contra dita empresa, polo que solicito se devolva a fianza depositada por importe de 11.652,89 euros. (...).*”

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- YN4DYPT4D8PO3BAO), no cal indica que existen na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil FARO DE VIGO, S.A.U. (A-36.600.815), dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Servizos publicitarios con Faro de Vigo, S.A.U., para a anualidade 2025*” (Núm. Expte. 2024070513), sen que existan obrigas pendentes.

- Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil FARO DE VIGO, S.A.U. (A-36.600.815), por resultar adxudicataria de dito contrato e que foi a seguinte:

o A constituída en metálico, por importe de once mil seiscientos cincuenta e dous euros con oitenta e nove céntimos (11.652,89 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 17/01/2025, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000033641 (*Número de Carta de Pago 202500012347*).



22.36071.- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES ADXUDICADOS E DOS DATOS ESTADÍSTICOS DE CONTRATACIÓN CORRESPONDENTES AO CUARTO TRIMESTRE DO ANO 2025. (EXPTE. 2025005752)

A Deputación de Pontevedra, en cumprimento do disposto no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, ven publicando na sección de transparencia da súa páxina web desde o primeiro trimestre do ano 2015 a información relativa ós contratos menores adxudicados así como dos datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario dos contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público segundo os datos existentes no seu Servizo de Contratación e Patrimonio.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no art. 63.4 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público desde a entrada en vigor da referida norma publica no Perfil do Contratante a información relativa aos contratos menores adxudicados e a formalización de todos os contratos.

Á vista dos anteditos preceptos legais, o Servizo de Contratación e Patrimonio elaborou os informes: “Contratos menores adxudicados no cuarto trimestre de 2025” e “Datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario dos contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público durante o cuarto trimestre do ano 2025” que se achegan no expediente.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Quedar enterada do contido dos informes “Contratos menores adxudicados no cuarto trimestre de 2025” (CSV: FHHIB7VSJ5GIAD98) e “Datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario dos contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público durante o cuarto trimestre do ano 2025” (CSV: XEKJS673XMQUIANZM), de conformidade co disposto no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- Ordena a súa publicación na sección de transparencia da páxina web da Institución Provincial.

23.36072.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CLUB DE TENIS PONTEAREAS PARA ÁMBITO INFERIOR AO ESTATAL (TENIS) APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO O 26/09/2025. (EXPTE.2025033970)

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 11 de abril de 2025 aprobou as Bases reguladoras de subvencións para a “Concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competición de ámbito inferior ao estatal para o ano 2025” (acordo 2.35055) e publicadas no BOPPO núm. 73, de 16 de abril de 2025.

Segundo.- En data 19/05/2025 Víctor Valderrama González, en representación do CLUB DE TENIS PONTEAREAS (NIF: G94008158) presenta solicitude para “Ámbito inferior ao estatal - Tenis”, achegando un orzamento da actividade por importe de 11.350,00 €.



Terceiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 26/09/2025 aprobou a concesión de ditas subvencións, procedéndose á publicación no BOPPO núm. 192 de 08 de outubro de 2025 da relación de subvencións concedidas e non concedidas polo servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra para clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións federadas de ámbito inferior ao estatal para o ano 2025 e no que figura o CLUB DE TENIS PONTEAREAS (NIF: G94008158) e na contía de 1.281,52 € para a actividade solicitada.

Cuarto.- En data 02/02/2026 o CLUB DE TENIS PONTEAREAS (NIF: G94008158) achega escrito no que solicita a renuncia ou desestimento da subvención concedida por non reunir a documentación xustificativa.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 04/02/2026 a renuncia presentada polo CLUB DE TENIS PONTEAREAS (NIF: G94008158)

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.



Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada polo CLUB DE TENIS PONTEAREAS (NIF: G94008158) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 1.281,52 € para “Ámbito inferior ao estatal - Tenis” (documento co CSV: TJSWJ544HSLHKBW4).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

24.36073.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA
AO CD CRECENTENSE PARA ÁMBITO INFERIOR AO ESTATAL
(FÚTBOL) APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO O 26/09/2025.
(EXPTE.2025026291)

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 11 de abril de 2025 aprobou as Bases reguladoras de subvencións para a “Concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competición de ámbito inferior ao estatal para o ano 2025” (acordo 2.35055) e publicadas no BOPPO núm. 73, de 16 de abril de 2025.



Segundo.- En data 26/04/2025 Diego Armando Domínguez Vázquez, en representación da CULTURAL DEPORTIVA CRECENTENSE (NIF: G16808867) presenta solicitude para “Competición federada ámbito inferior ao estatal - Fútbol”, achegando un orzamento da actividade por importe de 700,00 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 26/09/2025 aprobou a concesión de ditas subvencións, procedéndose á publicación no BOPPO núm. 192 de 08 de outubro de 2025 da relación de subvencións concedidas e non concedidas polo servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra para clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións federadas de ámbito inferior ao estatal para o ano 2025 e no que figura a CULTURAL DEPORTIVA CRECENTENSE (NIF: G16808867) e na contía de 275,41 € para a actividade solicitada.

Cuarto.- En data 04/02/2026 a CULTURAL DEPORTIVA CRECENTENSE (NIF: G16808867) achega escrito no que solicita a renuncia ou desestimento da subvención concedida dado que o club non está competindo nas competicións da Federación Galega de Fútbol.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 05/02/2026 a renuncia presentada pola CULTURAL DEPORTIVA CRECENTENSE (NIF: G16808867)

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022.

Segundo.- O réxime de concorrência competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.



Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola CULTURAL DEPORTIVA CRECENTENSE (NIF: G16808867) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 275,41 € para “Competición federada ámbito inferior ao estatal - Fútbol” (documento co CSV: JAKV0DIFC8K6L48X).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

25.36074.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO PRADO SURF CLUB DO CONCELLO DE NIGRÁN PARA "CTO. NACIONAL JUNIOR&KIDS" APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO O 12/09/25. (EXPTE.2025022533)

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 28/02/2025 aprobou as bases reguladoras para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra e as Federacións autonómicas e españolas para posibilitar a organización de competición ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra para o ano 2025 (expediente 2025002956). Posteriormente, publicáronse no BOPPO núm. 45 do 07/03/2025.



Segundo.- En data 04/04/2025 Lorena Vilan Vilamarín, en representación do PRADO SURF CLUB (NIF: G36850014) presenta solicitude para o “Cto. Nacional Juniors&Kids”, achegando un orzamento da actividade por importe de 9.300,00 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 12/09/2025 aprobou a concesión de ditas subvencións, procedéndose á publicación no BOPPO núm. 178 de 18/09/2025 da relación de subvencións concedidas e non concedidas polo servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra para clubs deportivos da provincia de Pontevedra e as Federacións autonómicas e españolas para posibilitar a organización de competición ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra para o ano 2025 e no que figura o PRADO SURF CLUB (NIF: G36850014) na contía de 2.029,04 € para a actividade solicitada.

Cuarto.- En data 04/02/2026 o PRADO SURF CLUB (NIF: G36850014) achega escrito no que solicita a renuncia ou desestímulo da subvención concedida dado que o evento non se realizou por causas alleas ao club.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 05/02/2026 a renuncia presentada polo PRADO SURF CLUB (NIF: G36850014)

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022.

Segundo.- O réxime de concorrência competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento,



promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada polo PRADO SURF CLUB (NIF: G36850014) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 2.029,04 € para o “CTO. NACIONAL JUNIOR&KIDS” (documento co CSV: 2BS2CUD1JRMGZT0G)

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

26.36075.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CLUB PIRAGÜISMO OLÍVICO DO CONCELLO DE VIGO PARA "II TROFEO VILA DE PORTONOVO CAIAC DE MAR" APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO O 12/09/25. (EXPTE.2025020574)

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 28/02/2025 aprobou as bases reguladoras para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra e as Federacións autonómicas e españolas para posibilitar a organización de competición ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra para o ano 2025 (expediente 2025002956). Posteriormente, publicáronse no BOPPO núm. 45 do 07/03/2025.



Segundo.- En data 01/04/2025 José Angel Besada Malvido, en representación do CLUB PIRAGUISMO OLIVICO (NIF: G27822006) presenta solicitude para o “II Trofeo Vila de Portonovo Caiac de Mar”, achegando un orzamento da actividade por importe de 15.800,00 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 12/09/2025 aprobou a concesión de ditas subvencións, procedéndose á publicación no BOPPO núm. 178 de 18/09/2025 da relación de subvencións concedidas e non concedidas polo servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra para clubs deportivos da provincia de Pontevedra e as Federacións autonómicas e españolas para posibilitar a organización de competición ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra para o ano 2025 e no que figura o CLUB PIRAGUISMO OLIVICO (NIF: G27822006) na contía de 2.450,54 € para a actividade solicitada.

Cuarto.- En data 03/02/2026 o CLUB PIRAGUISMO OLIVICO (NIF: G27822006) achega escrito no que solicita a renuncia ou desestimento da subvención concedida dado que o evento non se realizou.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 05/02/2026 a renuncia presentada polo CLUB PIRAGUISMO OLIVICO (NIF: G27822006)

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022.

Segundo.- O réxime de concorrência competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.



Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada polo CLUB PIRAGUISMO OLIVICO (NIF: G27822006) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 2.450,54 € para o “II Trofeo Vila de Portonovo Caiac de Mar” (documento co CSV: 9R4EDU9I3945L1H5)

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

27.36076.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN CULTURAL ARROUTADA E NA MÁIS PARA A “REPARACIÓN DE INSTRUMENTOS MUSICAIS” DO CONCELLO DE TOMIÑO APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO O 26/12/2025. (EXPTE. 2025065645)

Antecedentes:

Primeiro A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 05 de setembro de 2025, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a reparación de instrumentos musicais e vestuario propio de agrupacións musicais da provincia de Pontevedra para o ano 2025” (Acordo núm. 15.35595) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 172 de 10 de setembro de 2025.



Segundo.- En data 30 de setembro de 2025, Óscar Manuel Barbosa Rocha, en representación da ASOCIACION CULTURAL ARROUTADA E NA MÁIS (NIF: G72829237) presenta solicitude para “Reparación de instrumentos musicais”, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 1.028,50 €.

Terceiro.- a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 26 de decembro de 2025 (Acordo núm. 25.35941) acordou concederlle á ASOCIACION CULTURAL ARROUTADA E NA MÁIS, do concello de Tomiño (NIF: G72829237) unha subvención de 771,38 € para “Reparación de instrumentos musicais” con cargo á aplicación orzamentaria 26/330.3340.489.05.2025 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 25 de xaneiro de 2026 e número de rexistro WEB2026004580, a ASOCIACION CULTURAL ARROUTADA E NA MÁIS de Tomiño, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada por non dispoñer de fondos suficientes para anticipar os gastos.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 5 de febreiro de 2026 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola ASOCIACION CULTURAL ARROUTADA E NA MÁIS (NIF: G72829237) documento con CSV: FM1Z8APAG0FA9PIB

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra

Segundo.- O réxime de concorrência competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito. No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na



sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante. Nesta liña, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Adicionalmente, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia. É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola ASOCIACION CULTURAL ARROUTADA E NA MÁIS (NIF: G72829237) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 771,38 € para a realización da actividade “Reparación de instrumentos musicais” (documento co CSV: CEMU1P5MK4P1WWR1).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.



28.36077.- APROBACIÓN DA SOLICITUDE DE ADHESIÓN PRESENTADA POLOS
CONCELLOS DE SALVATERRA DE MIÑO E MONDARIZ AO PROGRAMA
“+ BENESTAR”. (EXPTE. 2025039592)

ANTECEDENTES:

1º.- A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, leva a cabo a organización de actividades dirixidas a persoas maiores de 55 anos, xubiladas e pensionistas, coa finalidade de favorecer o seu envellecemento activo e fomentar a participación e a cooperación social promovendo espazos de encontro e intercambio de experiencias que fomenten a súa independencia e evitar así o illamento e as situacións de soidade non desexada.

O programa, cun grande arraigo dentro das actuacións termais que a Deputación de Pontevedra destina ás persoas maiores (Saúde e Benestar e Depothermal), ten como finalidade facilitarlles ás veciñas e veciños da provincia de Pontevedra o acceso a actividades de ocio saudable e envellecemento activo en establecementos hostaleiros (balnearios, talasos ou spas) e, ao mesmo tempo, pretende ser un programa dinamizador da economía da provincia que impulse a creación e o mantemento de postos de traballo no sector turístico durante os períodos de menor actividade ao desestacionalizar a demanda.

2º.- A Xunta de Goberno aprobou, na súa sesión do 12 de decembro de 2025, as bases reguladoras do programa “+ BENESTAR” 2026, que foron modificadas na súa sesión ordinaria do 30 de xaneiro de 2026.

3º.- Con data 4 de febreiro de 2026 o Concello de Salvaterra de Miño presenta solicitude de adhesión con número de rexistro WEB2026006817 como entidade colaboradora do programa “+ Benestar”.

4º.- Con data de 6 de febreiro o Concello de Mondariz presenta a solicitude de adhesión como entidade colaboradora do programa con número de rexistro WEB2026007954. O anexo I no que se relacionan as entidades colaboradoras co programa para o ano 2026, relacionará polo tanto 59 concellos.

5º. Con data 6 de febreiro de 2026 a Xefa do Servizo de Benestar Social emite informe proposta de inclusión do Concello de Salvaterra de Miño e Mondariz como entidades colaboradoras (CSV JXUOEKGMTLWF8FHW e 009SJG10J1KK8PSI) e con data 6 e 9 de febreiro de 2026 o Servizo de Intervención emite dilixencia favorable (CSV 1YBX7686G4S16L6A)

Consonte ao anterior, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a adhesión como entidades colaboradoras do programa “+Benestar” aos concellos de Salvaterra de Miño e Mondariz.
- Aprobar a actualización do Anexo I. Entidades colaboradoras do programa coa inclusión do concello de Salvaterra de Miño e Mondariz tal como figura no documento co CSV (B690FULVRMQ9J9C6).



29.36078.- DAR CONTA DA EVOLUCIÓN DOS TRABALLOS ASOCIADOS A ACTUACIÓN " BAIXO O CEO DAS RÍAS BAIXAS" OBSERVACIÓN DO ECLIPSE SOLAR - 12 DE AGOSTO DE 2026 . (EXPT. 2026001530)

Nos anos 2026, 2027 e 2028 tres eclipses solares atravesarán o territorio español, o que dará lugar a gran afluencia de público, tanto de España coma de outros países. Estes fenómenos suporán un desafío dende varios puntos de vista: turístico, de transporte, educación, divulgación científica e de protección civil entre outros.

Dende o punto de vista turístico é un reto, pero tamén unha oportunidade se temos a capacidade para fomentar e adecuar unha oferta versátil que aproveite estes eventos.

Cada un dos tres eclipses é distinto e sobre todo afecta a partes diferentes do territorio, no caso do eclipse solar do ano 2026, o cal terá lugar o 12 de agosto, a península Ibérica será o mellor lugar do mundo para velo, polo que cabe esperar que acuda un importante público internacional, sendo o primeiro eclipse total de Sol visible na península en máis dun século.

Na provincia de Pontevedra o eclipse será visible nun 99%, o que significa que a lúa chegará a tapar completamente o disco solar durante uns minutos, o cal dará comezo ás 19.30h, alcanzando a totalidade ás 20.30h e finalizando ás 21.20h.

Este fenómeno situará ás Rías Baixas nunha posición privilexiada a nivel estatal e europeo. Este feito, pouco frecuente e de grande impacto mediático, representa unha oportunidade única para activar o territorio, xerar relato de destino e promover experiencias colectivas de alto valor emocional.

Con tal motivo, o día 2 de decembro de 2025 organizamos unha reunión telemática cuxa finalidade foi desenvolver unha labor en termos de información, orientación e concienciación social, con especial fincapé na seguridade ocular. Foron convidados a participar a dita reunión os 61 concellos da provincia, as entidades turísticas, empresas distinguidas con selo SICTED e ás oficinas e puntos de información integrantes da Rede INFO RIASBAIXAS.

Dita xornada foi impartida por Luisa Valdivielso, astrofísica do CEFCA (*Centro de Estudos de Física do Cosmos de Aragón*) e membro da CNE (*Comisión Nacional del Eclipse*), grupo de traballo da Comisión Nacional de Astronomía.

Como seguinte paso, desde Turismo Rías Baixas imos poñer en marcha unha acción coordinada de promoción dos 61 concellos, identificando e difundindo puntos singulares de observación que poidan funcionar como espazos de encontro cidadán e turístico durante o eclipse. Neste marco, solicitamos a colaboración dos 61 concellos para que nos indicaran:

- Un punto do concello especialmente axeitado para a observación do eclipse.
- A posibilidade de que ese espazo acolla unha quedada ou punto de encontro organizado.

19 concellos xa confirmaron a súa dispoñibilidade e implicación nesta iniciativa, amosando un alto grao de interese e compromiso co desenvolvemento da acción, sendo esta unha cifra provisional coa previsión de que se incorporen aínda máis concellos para este evento.



Turismo Rías Baixas asumirá la promoción provincial desta acción, así como a adquisición de gafas homologadas para a observación dos eclipses:

- Certificadas ca normativa ISO 12312-2:2015.
- Marcado CE.
- Datos do fabricante, advertencias de seguridade e indicacións de uso.

As mesmas se distribuirán a través da Rede de Oficinas de Turismo Rías Baixas e levarán a imaxe corporativa de Rías Baixas Deputación de Pontevedra.

Trátase, por tanto, da CREACIÓN DUN PRODUTO TURÍSTICO (BAIXO O CEO DAS RÍAS BAIXAS), EXPERIENCIAL E DIVULGATIVO, QUE POSICIONARÁ Á PROVINCIA DE PONTEVEDRA COMO DESTINO DE REFERENCIA EN ASTROTURISMO, a través dunha rede de puntos de observación dos eclipses solares, promovendo experiencias colectivas, seguras e vinculadas á paisaxe, ao territorio e á identidade local.

Esta acción supón o inicio dunha serie de actividades arredor do eclipse solar do 12 de agosto, concibidas para poñer en valor o noso potencial como destino Starlight e reforzar a colaboración cos distintos concellos da provincia.

CONCLUSIÓN

BAIXO O CEO DAS RÍAS BAIXAS é moito máis que unha acción asociada a un eclipse. É unha aposta estratéxica de destino, que transforma un fenómeno astronómico excepcional nun produto turístico estruturado, compartido e con vocación de permanencia no territorio. Turismo Rías Baixas lidera así unha proposta innovadora, sostible e participativa, reforzando o posicionamento da provincia como destino que mira ao futuro sen perder a súa identidade.

Esta visión colectiva queda avaliada polo interese e a implicación dos primeiros 19 concellos participantes, que achegaron información e datos clave para a construción e desenvolvemento do evento, coa previsión de que máis se sumen a esta iniciativa.

Por todo o anterior, A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

-Quedar enterada da “DA EVOLUCIÓN DOS TRABALLOS ASOCIADOS A ACTUACIÓN ” BAIXO O CEO DAS RÍAS BAIXAS” OBSERVACIÓN DO ECLIPSE SOLAR - 12 DE AGOSTO DE 2026 –

30.36079.- DAR CONTA DAS PRIMEIRAS REUNIÓN E ACTUACIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO PARA A IMPLANTACIÓN DUN PRODUTO MUSEOGRÁFICO AO AIRE LIBRE AO REDOR DA FESTA DO CORPUS CHRISTI DE PONTEAREAS. (EXPTE.2024017600)

Dase conta de que no marco do expediente de contratación do Servizo de implantación dun produto museográfico ao aire libre ao redor da festa do Corpus Christi de Pontearcas, e soporte e mantemento do mesmo, financiado con cargo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), Compoñente 14 – Plan de Sustentabilidade Turística en Destino “Condado Paradanta. Unha Terra entre Ríos”, deron comezo as primeiras reunións e actuacións técnicas, administrativas e de coordinación necesarias para a posta en marcha do proxecto.



O proxecto ten como finalidade a creación e implantación dun produto museográfico dixital e físico ao aire libre, concibido como un museo accesible os 365 días do ano, que integra experiencia presencial e virtual arredor da Festa do Corpus Christi de Ponteareas, e que incorpora, entre outras, as seguintes funcionalidades principais:

- Desenvolvemento dun portal web museográfico multilingüe, accesible desde a web turística municipal, que permite a difusión da historia, valores culturais e proceso de elaboración das alfombras florais do Corpus Christi, mediante contidos textuais e audiovisuais de alta calidade.
- Implantación dun museo virtual e dun itinerario dixital xeolocalizado, que reproduce de forma interactiva os distintos tramos do percorrido da procesión, permitindo a súa visita e interpretación sen necesidade de presenza física.
- Implantación dun sistema de xestión de contidos (CMS) na nube, que actúa como repositorio central dos contidos do proxecto, facilitando a súa administración, actualización e xestión multilingüe.
- Xeración e dixitalización de contidos audiovisuais, incluíndo fotografías de alta resolución, vídeos en calidade 4K, entrevistas e documentación gráfica do proceso de preparación, confección das alfombras e celebración da procesión.
- Subministración e instalación de sinalética intelixente ao longo do percorrido do Corpus, con paneis informativos dotados de códigos QR que enlazan cos contidos dixitais específicos de cada tramo, integrando a experiencia física coa virtual.
- Incorporación de recursos educativos e participativos, tales como cadernos didácticos descargables, plantillas de alfombras para uso educativo e unha ferramenta interactiva para o deseño e coloreado de alfombras en formato dixital.
- Prestación de servizos de soporte, mantemento e capacitación, garantindo a correcta operatividade da solución, a súa actualización ao longo do tempo e a formación do persoal responsable da súa xestión.

CONCLUSIÓN

Todo o anterior supón o inicio efectivo das primeiras reunións, actuacións e traballos vinculados á posta en marcha deste proxecto museográfico, establecendo as bases técnicas, funcionais e organizativas necesarias para a súa correcta execución, consonte aos obxectivos de posta en valor do patrimonio cultural, dixitalización, desestacionalización turística e sustentabilidade do destino.

Por todo o anterior, A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

-Quedar enterada da evolución do “PROXECTO PARA A IMPLANTACIÓN DUN PRODUTO MUSEOGRÁFICO AO AIRE LIBRE AO REDOR DA FESTA DO CORPUS CHRISTI DE PONTEAREAS”.



31.36080.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS "PRORROGA CONTRATO DERIVADO LOTE 1 DO ACORDO MARCO DE CUNETAS DE SEGURIDADE NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA ANO 2025". (EXPTE.2025032340)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 04/07/2025 acordou adxudicar Contrato derivado Lote 1 do Acordo marco de “Cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2025” á empresa EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L., (CIF B15410608) por importe de 665.125,49 € IVE engadido e un prazo de execución de SEIS (6) MESES.

Resultando.- Que Con data 04/08/2025 formalizouse entre o director de obra e o contratista acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 04/02/2026.

Resultando.- Con data 15/01/2026 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación (REX_WEB2026002469), escrito do contratista solicitando unha ampliación de prazo na execución da obra tres (3) MESES e ONCE (11) DIAS, as seguintes razóns:

- Ao peche das empresas do sector da construción (subcontratistas, subministradores,...) durante o período do Nadal. Retraso de 0,8 meses.
- Días con condicións climatolóxicas adversas sufridos dende o inicio dos traballos, achegándose partes meteorolóxicos cos días de choiva na estación de Xesteiras Cuntis. Retraso de 2,2 meses.
- Aos servizos afectados enterrados non previstos, atopados durante a execución de apertura de gabias e que obrigan á súa restitución. Retraso de 0,3 meses.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: ELQ0L2VP6GG6DO3X informe da responsable do contrato, que recolle o seguinte: “...esta dirección facultativa considera que as causas alegadas de demora non son imputables ao contratista, entendendo xustificada a concesión da prórroga para a ampliación do prazo de execución da obra no prazo solicitado de TRES (3) MESES E ONCE (11) DÍAS, ata o 15 de maio de 2026. Compre indicar que os partes meteorolóxicos xa os aporta o contratista no seu escrito de solicitude de prórroga. Non existen afeccións ao proxecto, a outras condicións de execución nin a o prezo do contrato que impliquen a necesidade da modificación contractual máis alá da ampliación do prazo sinalada.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 6C9MF7BM6YVQQYSL, informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, do Secretario Xeral da Deputación e do Interventor, no que se recolle o seguinte: “...entre as causas alegadas polo contratista para a ampliación do prazo de execución, non se pode considerar que ó referente ó peche das empresas do sector durante o período de nadal, sexa susceptible de ser considerada como tal, pois entra dentro dos estándares do deber de previsibilidade que debe ter o contratista ó redactar o programa de traballo, e a súa obriga contractual de cumprir co prazo de execución establecido, polo que non se terán en conta os 0,8 meses (22 días) de ampliación de prazo solicitados por tal circunstancia.[...], infórmase favorablemente, autorizando a ampliación do prazo de execución SETENTA E OITO (78) DIAS, sendo a data de finalización deste contrato o día 23/04/2026...”



Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: “...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...”

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: “...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...”

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: “1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...”

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder á empresa EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L., unha ampliación de prazo de SETENTA E OITO (78) DÍAS, na execución do contrato de obras “Contrato derivado Lote 1 do acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2025” establecendo coma data para finalizar a obra o día 23/04/2026, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicaran ó contratista automaticamente penalidades previstas.

32.36081.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS "PRORROGA CONTRATO DERIVADO LOTE 3 DO ACORDO MARCO DE CUNETAS DE SEGURIDADE NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA ANO 2025". (EXPTE.2025032345)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 24/07/2025 acordou adxudicar Contrato derivado Lote 3 do Acordo marco de “Cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2025” á empresa CONSTRUCCIONES FECHI SL (CIF B36258861) por importe de 595.968,55 € IVE engadido, e un prazo de execución de SEIS (6) MESES.

Resultando.- Que con data 18/08/2025 formalizouse entre o director de obra e o contratista acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 18/02/2026.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 4IFC5OP4TMWI5OLTescrito do contratista solicitando unha ampliación de prazo na execución da obra tres (3) MESES, debido a que a climatoloxía adversa acreditada cos informes meteorolóxicos que xunta, son incompatibles cos traballos pendentes de executar no contrato (estendido de formigón bituminoso e sinalización horizontal).

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 4UCPJED0P7FCDM1Q informe da responsable do contrato, que recolle o seguinte: “...esta dirección facultativa considera que as causas alegadas de demora non son imputables ao contratista, entendendo xustificada a concesión da prórroga para a ampliación do



prazo de execución da obra no prazo solicitado de TRES (3) MESES, ata o 18 de maio de 2026. Cuarto. Non existen afeccións ao proxecto, a outras condicións de execución nin a o prezo do contrato que impliquen a necesidade da modificación contractual máis alá da ampliación do prazo sinalado.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: RZ7AYHOXX09WPIBI, informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, do Secretario Xeral da Deputación e do Interventor, no que se recolle o seguinte: “...infórmase favorablemente, autorizando a ampliación do prazo de execución TRES (3) MESES sendo a data de finalización deste contrato o día 18/05/2026...”

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: “...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...”

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: “...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...”

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: “1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...”

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder á empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., unha ampliación de prazo de TRES (3) MESES, na execución do contrato de obras “Contrato derivado Lote 3 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2025” establecendo coma data para finalizar a obra o día 18/05/2026, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicaran ó contratista automaticamente penalidades previstas.

33.36082.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS MATERIAIS PRODUCIDOS POLA TALA DE ÁRBORES DUNHA FINCA NO CONCELLO DE MEAÑO. (EXPTE. 2024022359)

Dada conta que con data de rexistro de entrada 08/03/2024 (rex. núm. WEB2024016292), recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial formulada por D. Rubén Nogueira Martínez en representación de D. Cándido Torres Domínguez, por danos materiais e morais, producidos o día 15/03/2023, a consecuencia da tala de árbores nunha finca da súa propiedade, correspondente coa Parcela 882 do Polígono 51, con referencia catastral 36027A05100882, sita no lugar de Seixomil e lindante coa estrada provincial E.P.9205 Sanxenxo-Meaño, no Concello de Meaño, cuantificando economicamente os danos en 2.000 €, correspondentes ó valor da madeira substraída, mais os danos morais (sen concretar a contía por este concepto).



Resultando.- Que relata o reclamante na súa instancia que por estes feitos foi presentada denuncia ante a Garda Civil de Sanxenxo e que a resultas da mesma, polo Xulgado de 1ª Instancia e Instrución de Cambados, abríronse Dilixencias Previas do Procedemento Abreviado 168/2023 contra D. Ismael Cousido Touriño, xefe da cuadrilla, que aportou á Garda Civil un permiso de tala das marxes das estradas outorgado pola Deputación.


Resultando.- Que xunto coa documentación achegada, aporta o reclamante Auto da Sección nº 2 da Audiencia Provincial de Pontevedra, que nos seus antecedentes de feito, recolle que polo Xulgado de Instrución nº 3 de Cambados, ditouse auto de sobresemento provisional das actuacións, presentando recurso de reforma contra este, o cal foi desestimado, e recurso subsidiario de apelación, o cal se desestima - confirmando o ditado polo Xulgado de Instrución nº 3 de Cambados- sobre a base dos seguintes fundamentos de dereito:

“(...) El recurso no puede prosperar. Coincidimos con el instructor/a en que de ser cierta la tala de los árboles de su pertenencia, ningún indicio avala una actuación dolosa, a sabiendas para causar un daño o, en su caso con ánimo de lucro, por parte de los operarios que limpiaban las aceras de la carretera, por encargo y con autorización de la Diputación de Pontevedra. Lo único que se podría atribuir es una extralimitación en su actuación superando los márgenes que corresponderían al terreno de dominio público y adentrándose en un terreno privado (el de la denunciante), sin que el hecho de que hubieran retirado la madera altere esta apreciación.

En definitiva, los hechos no revisten apariencia delictiva y por tanto, no procede llevar a cabo diligencia alguna de instrucción (...)”

Resultando.- Que con data 25/04/2024, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, remitando o mesmo na data 29/07/2024, co seguinte contido literal:

PRIMEIRO.- O lugar obxecto de reclamación está situado na EP 9205 SANXENXO MEAÑO que pertence á rede provincial de estradas.



A parcela sinalada atópase no P.K. 4+200 MARXE DEREITA da estrada provincial.



SEGUNDO.-Non existen escritos rexistrados nin partes de incidencias en ningún caso polo motivo sinalado.

TERCEIRO.- O servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais ten adxudicado un Acordo Marco de obra de tala de arborado no dominio público das marxes en estradas de titularidade da Deputación de Pontevedra á empresa Misturas S.A.


Esta empresa é a responsable de talar as árbores das estradas provinciais en relación coa franxa de protección contra incendios forestais en biomasa vexetal na zona de dominio público situada nas marxes das vías da Deputación Provincial así como a limpeza dos mesmos, consonte co disposto no artigo 20.bis, apartado a) da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

No artigo 96 do DECRETO 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, defínese como dominio público:

A zona de dominio público está integrada polos terreos ocupados por todos os elementos do dominio público viario adquiridos por título lexítimo pola administración titular (artigo 37.1 LEG).

Para a sección que nos ocupa o CRITERIO DE DELIMITACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO VIARIO NA REDE DE ESTRADAS PROVINCIAIS DA DEPUTACION DE PONTEVEDRA sería o seguinte:





CUARTO.- Unha vez realizada a inspección polo persoal de vixilancia desta Deputación, compróbase que a reclamación para a tala na parcela descrita actualmente atópase no estado que se mostra nas fotos.

PARTE DE INCIDENCIA						Deputación Pontevedra	
FECHA DE VISITA	09/05/2024	ZONA	CENTRO	CONCELLO	MEAÑO	MARGEN	DERECHO
ESTRADA	EP 8205 SANXENVO-MEAÑO			P.G.	4238		
DESCRIPCIÓN DE LA INCIDENCIA: Solicitud de indemnización por responsabilidad patrimonial							




PARTE DE INCIDENCIA					
FECHA DE VISITA	09/05/2024	ZONA	CENTRO	CONCELLO	MEAÑO
ESTRADA	EP 9205 SANXENCO-MEAÑO	P.Q.	4+230	MARGEN	DERECHO
DESCRIPCIÓN DE LA INCIDENCIA		Solicitud de indemnización por responsabilidad patrimonial			



Aparentemente a tala dos árbores descritos entra dentro desta franxa de protección da estrada provincial polo que non invadiría á parcela descrita.

María Belén Pampín Camino
Enxeñeiro

Resultando.- Que con data 23/09/2024, e con fundamento no artigo 4.1, letra c), da Lei 39/2015, emprazouse como interesada no procedemento a MISTURAS, S.A., conferíndolle un prazo de dez días para que puidera realizar as alegacións que tivera por convenientes, sen obterse resposta ningunha ó citado emprazamento.

Resultando.- Que ante a ausencia de resposta, con data 16/10/2024, reiterouse o emprazamento a MISTURAS, S.A., conferíndolle un prazo de cinco días para alegar o que tivera por conveniente, e facendo constar que do seu silencio poderían deducirse as consecuencias e efectos a que houbera lugar en dereito.

Resultando.- Que constan no expediente as notificacións practicadas nas datas 23/09/2024 e 16/10/2024 (acceso ó contido das notificacións por D. Óscar Vilarino Casal con Documento 44****43C), sen terse obtido resposta ningunha ós citados emprazamentos.

Considerando.- Que no presente procedemento seguiuuse o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das



Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015 e 91.2 da Lei 39/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación, pois do instruído no expediente despréndense os seguintes argumentos que a eximen de responsabilidade:

- Non existen escritos rexistrados nin partes de incidencias en ningún caso polo motivo sinalado.
- A empresa responsable de talar as árbores das estradas provinciais en relación coa franxa de protección contra incendios forestais na zona de dominio público situada nas marxes das vías provinciais, así como a limpeza das mesmas, era nesa data MISTURAS, S.A.
- Aparentemente, e á vista das fotografías integrantes do informe do Servizo de Infraestruturas, realizadas polo persoal de vixilancia desta Deputación que acudiu a realizar a inspección, a tala das árbores descritas entra dentro da franxa de protección da estrada provincial, polo que non invadiría a parcela descrita.
- Non houbo outras reclamacións pola mesma causa.

Considerando.- Que non pode a Deputación facerse cargo dos danos relatados aínda que sexa a titular da vía, toda vez que, de terse ocasionado os mesmos, terían a súa orixe nos traballos de tala realizados pola empresa MISTURAS, S.A., non podendo imputárselle responsabilidade a esta Administración pola mera detención material dunha infraestrutura, o que a convertería nunha especie de aseguradora universal de todos os riscos.

Considerando.- Que o expresado no apartado inmediatamente anterior atopa apoiatura na Sentenza do Tribunal Supremo de data 31/07/1989 (RJ 1989,6193) (Sala 3ª, Sección 1ª):

“Cuando los daños y perjuicios se derivan de una actividad técnica no cumplida directamente por la organización administrativa, sino por organizaciones privadas no integradas en la Administración, con las que ésta contrata atribuyéndoles la gestión de un servicio público o la ejecución de una obra pública, se interfiere entre Administración y particulares una empresa privada a la que materialmente le son atribuibles sus causas”.

Todo o anterior sen que isto presupóna prexulgamento da responsabilidade que, en todo caso e ao abeiro do artigo 1.902 do Código Civil, podería esixirse no eido da xurisdición civil á devandita empresa que realizou as talas.



Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015 referidos á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a reclamación.

34.36083.- INADMISIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR DANOS EN VEHÍCULO NO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA. (EXPTE. 2025077561)

Dada conta que con data 27/11/2025 (núm. rex. WEB2025081643), recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D. Carlos Enrique Borrás Díaz de Rábago en representación de D.^a Rosa Marina Pérez Suárez, por danos en vehículo, producidos o día 24/09/2025, a consecuencia dunha arqueta afundida na estrada Rosalía de Castro, no Concello de Vilagarcía de Arousa, e que cuantificou economicamente en 398,73 €.

Resultando.- Que manifesta a condutora que se dirixía desde a rúa Moreira Casal cara a Avenida Rivero de Aguiar.

Resultando.- Que con data 02/12/2025, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, o cal foi emitido na data 02/02/2026, co seguinte contido:

Primeiro.- O lugar do sinistro non pertence á rede provincial de estradas.

O punto onde tivo lugar o accidente está situado na intersección entre a estrada PO-548 PONTECESURES (N-550)-VILAGARCÍA (rotonda porto) pertencente a REAGA da Axencia Galega de Infraestruturas e a Avenida Moreira Casal de competencia municipal.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

Catálogo Visual de Estradas Condicións de uso e información sobre protección de datos persoais [Manual](#)

Provincia: **Pontevedra**

Estrada: **PO-548 Ponteareas (N-550) - Vilagarcía de Arousa (glorieta porto)** Treito: **1.0+000 19+100 Int. N-550 en Ponteareas Int. N-640 en Vilagarcía**

Punto quilométrico: **19** **BR** Rede: **PI (Ponteareas Balsa)**

Calzada (m)	9,1	Pendente (%)	0,2	UTM X	519.238
Nº de Carrís	2	Radio de Curvatura	30	UTM Y	4.716.538
Señalización Esquerda (m)	0			UTM Z	9
Señalización Dereita (m)	0,4				

☐ Liza Referencia



Data da toma de imaxes: 09/06/2016
Concello: Vilagarcía de Arousa





Por tanto o lugar onde aconteceu non é en ningún caso competencia da Deputación de Pontevedra.

María Belén Pampín Camino
Enxeñeiro

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo prescrición), descritos nos artigos 67 (en relación co 66), 3 e 4.1, letra a), da Lei 39/2015.

Considerando.- Que o teor do citado informe impide entrar sequera a valorar as circunstancias concorrentes no sinistro en cuestión, por canto non pode constituírse validamente a relación procedimental ó non resultar a Deputación Provincial de Pontevedra pasivamente lexitimada para interpoñer perante dela ningunha reclamación que non se relacione directamente coa súa titularidade demanial.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que en ningún caso pode esta Deputación Provincial facerse responsable de danos producidos en infraestruturas que non sexan da súa titularidade.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido no artigo 88.1 da Lei 39/2015 referido á inadmisión argumentada da reclamación.

Considerando.- Que, asemade, o apartado 5 do artigo 88 da Lei 39/2015 establece que *“En ningún caso podrá la Administración abstenerse de resolver so pretexto de silencio, oscuridad o insuficiencia de los preceptos legales aplicables al caso, aunque podrá resolver la inadmisión de las solicitudes (...) manifiestamente carentes de fundamento”*.



Considerando.- Os preceptos invocados e demais de xenérica e pertinente aplicación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade inadmitir a trámite dita solicitude de indemnización.

35.36084.- INADMISIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR DANOS EN VEHÍCULO NO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO. (EXPTE. 2026004159)

Dada conta que con data 24/01/2026 (núm. rex. WEB2026004542), recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D. Rafael Bada Fernández, por danos en vehículo, producidos a consecuencia da irrupción dun xabaril no p.q. 10,300 da estrada PO 510 – Salvaterra de Miño cara Salceda de Caselas– no Concello de Salvaterra de Miño, o día 23/01/2026, e que non foi cuantificada economicamente.

Resultando.- Que con data 28/01/2026, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, o cal foi emitido na data 02/02/2026, co seguinte contido:

A localización indicada atópase nunha estrada de titularidade autonómica (PO-510), e fóra da zona de afección das estradas provinciais, polo que o organismo competente é a Xunta de Galicia (AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS).

María Elena Pérez Alonso
Enxeñeiro

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo prescrición), descritos nos artigos 67 (en relación co 66), 3 e 4.1, letra a), da Lei 39/2015.

Considerando.- Que o teor do citado informe impide entrar sequera a valorar as circunstancias concorrentes no sinistro en cuestión, por canto non pode constituírse validamente a relación procedimental ó non resultar a Deputación Provincial de Pontevedra pasivamente lexitimada para interpoñer perante dela ningunha reclamación que non se relacione directamente coa súa titularidade demanial.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que en ningún caso pode esta Deputación Provincial facerse responsable de danos producidos en infraestruturas que non sexan da súa titularidade.



Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido no artigo 88.1 da Lei 39/2015 referido á inadmisión argumentada da reclamación.

Considerando.- Que, asemade, o apartado 5 do artigo 88 da Lei 39/2015 establece que *“En ningún caso podrá la Administración abstenerse de resolver so pretexto de silencio, oscuridad o insuficiencia de los preceptos legales aplicables al caso, aunque podrá resolver la inadmisión de las solicitudes (...) manifestamente carentes de fundamento”*.

Considerando.- Os preceptos invocados e demais de xenérica e pertinente aplicación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade inadmitir a trámite dita solicitude de indemnización.

36.36085.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MORAÑA AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2026 (LIÑA 3). (EXPTE. 2026003397)

ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26/12/2025, punto núm.4.8555, aprobou as Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 02/01/2026.
- 2) Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127, de 14/01/2026, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que nesos casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 3) De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.
- 4) Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:



CONCELLO DE MORAÑA					
Data de presentación:		20/01/2026 (registro WEB2026003612)			
Data de emenda:		21/01/2026 (registro WEB2026003788)			
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
8	1 monitor/a de servicios á comunidade e 1 peón transportista a xornada completa durante 10 meses; 2 peóns forestais e 1 albanel (oficial 1ª) a xornada completa durante 9 meses; 2 peóns forestais e 1 condutor/a a xornada completa durante 6 meses	135.760,40 €	135.760,40 €	26.369,42 €	109.390,98 €

- 5) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2026/942.9425.462.03 existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE MORAÑA	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	109.390,98 €

- 6) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe da subvención segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas bases do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.



- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables.

CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello.

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polo concello, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Oitava do Capítulo III. Asemade, deberán xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na citada base e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.



Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2026 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2026, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe do xefe do Servizo de Cooperación (CSV: 560PXMB7VD8G4MB4) e do informe de Intervención (CSV: M434N7L2S5EYELLH), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a concesión dunha subvención ao Concello de Moraña (CIF P3603200A) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2026 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2026/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Moraña (P3603200A)	8	1 monitor/a de servizos á comunidade e 1 peón transportista a xornada completa durante 10 meses; 2 peóns forestais e 1 albanel (oficial 1ª) a xornada completa durante 9 meses; 2 peóns forestais e 1 condutor/a a xornada completa durante 6 meses	109.390,98 €



- A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases do Plan +Provincia 2026-2027 no referente á liña 3, especificamente na base Cuadraxésima Terceira.
- En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.
- En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización do período máximo subvencionable (31 de decembro de 2026) cómpre presentar na sede electrónica da institución provincial a documentación xustificativa que se indica na base Cuadraxésimo Oitava das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida conforme ao establecido no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- Darlle Traslado do presente acordo ó Concello, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

37.36086.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VILABOÁ AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2026 (LIÑA 3). (EXPTE. 2026003576)

ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26/12/2025, punto núm.4.8555, aprobou as Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 02/01/2026.
- 2) Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127, de 14/01/2026, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 3) De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.
- 4) Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:



CONCELLO DE VILABOA					
Data de presentación:			21/01/2026 (registro WEB2026003861)		
Data de emenda:			22/01/2026 (registro WEB2026004152)		
Nº traballado res	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
6	2 peóns forestais, 2 operarios/as de maquinaria forestal e 2 albaneis a xornada completa durante 10 meses	117.592,80 €	114.829,80 €	2.889,45 €	114.703,35 €

- 5) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2026/942.9425.462.03 existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE VILABOA	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	114.703,35 €

- 6) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe da subvención segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas bases do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.



- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables.

CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello.

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polo concello, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Oitava do Capítulo III. Asemade, deberán xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na citada base e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.



Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2026 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2026, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe do xefe do Servizo de Cooperación (CSV: MG7U6CS13BRGTKSB) e do informe de Intervención (CSV: XK4ID3CVOHPGUAB2), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a concesión dunha subvención ao Concello de Vilaboa (CIF P3605800F) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrència non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2026 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2026/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Vilaboa (P3605800F)	6	2 peóns forestais, 2 operarios/as de maquinaria forestal e 2 albaneis a xornada competa durante 10 meses	114.703,35 €



- A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases do Plan +Provincia 2026-2027 no referente á liña 3, especificamente na base Cuadraxésima Terceira.
- En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.
- En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización do período máximo subvencionable (31 de decembro de 2026) cómpre presentar na sede electrónica da institución provincial a documentación xustificativa que se indica na base Cuadraxésimo Oitava das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida conforme ao establecido no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- Darlle Traslado do presente acordo ó Concello, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

38.36087.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

39.36088.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

40.36089.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e cincuenta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

